# CEIP.VIRXE DO ROCÍO
# O RESÍO



# 24 25

## PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

# PXA

RUA ROCIO 70
36208 VIGO
CEIP..VIRXE.ROCIO@EDU.XUNTA.GAL
HTTP://WWW.EDU.XUNTA.GAL/CENTROS/CEIPVIRXEROCIO/
TELF. 886120860/886120862

## PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.


| | PÁXINA |
|---|---|
| INTRODUCIÓN | 3 |
| **Decreto 374/1996,** *do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. (Artigo98)* | |
| 1. Obxectivos específicos para o curso académico | 6 |
| 2. Medidas a desenvolver para a súa consecución | 16 |
| 3. Recursos previstos para o efecto. (Ver Anexo I) | 17 |
| **Orde de 22 de xullo de 1997** *pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.(Apartado 3)* | |
| 4. Concreción anual do PEC | 35 |
| 5. Modificación do PEC | 42 |
| 6. **Estratexias metodolóxicas** e organizativas de atención ao alumnado con NEE | 45 |
| 7. Cadro de organización pedagóxica | 52 |
| 8. Plan de actuación dos órganos colexiados | 65 |
| 9. Plan de actuación do equipo directivo | 67 |
| 10. **Xornada** escolar e horarios do centro | 70 |
| 11. **Quendas** de vixilancia dos recreos | 73 |
| 12. Programación e calendario das reunións dos órganos de goberno e dos órganos de coordinación docente. | 74 |
| 13. Participación do profesorado do centro en **programas de innovación** educativa | 76 |
| 14. Libros de texto e demais materiais curriculares establecidos no centro | 78 |

| | |
|---|---|
| 15. Programación anual de **actividades complementarias** e extraescolares | 79 |
| 16. Plan de autoprotección / modificacións/ observación de que segue vixente | 85 |
| 17. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente | 85 |
| 18. **Horario** de atención ao público | 86 |
| 19. Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coa familia | 86 |
| 20. Plan de **transporte** escolar | 90 |
| 21. Regulamento da organización do **comedor** | 93 |
| 22. Plan de utilización da/s **instalacións** do centro | 96 |
| 23. Plan de actividades propostas pola **ANPA** | 96 |
| 24. Plan xeral de **avaliación** do centro | 97 |
| **Outros aspectos que se inclúen:** | |
| **Decreto 105/2014**, *do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.* | |
| 25. Programas e plans anuais de lectura *(tendo como referente o proxecto lector do centro)* | 101 |
| 26. Pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares | 111 |
| **Decreto 79/2010** | |
| 27. Adenda do proxecto lingüístico (art. 14.4 do Decreto 79/2010 do 20 de maio) | 112 |
| 28. Constitución do equipo de dinamización da lingua galega axustada á normativa. | 114 |
| 29. Actividades que se van a desenvolver para o fomento e dinamización da lingua galega. | 115 |
| **Decreto 229/2011** (Artigos 11.4 e 11.5) | |
| 30. Concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade | 116 |

| | |
|---|---|
| **Decreto 8/2015** (Artigo 11.5) | |
| 31. Concreción anual do plan de convivencia | 130 |
| **Resolución do 18 de abril de 2016** | |
| 32. Accións de mellora derivadas da análise de resultados das avaliacions individualizadas . | 134 |
| 33. Guía de intervención para a mellora, elaborada a partir da análise dos resutados | 147 |
| **34. Plans de reforzo e recuperación** | 147 |
| **Outros aspectos de interese** | |
| 34. Solicitude dos días non lectivos. | 149 |
| 35. Aprobación da presente PXA | 149 |

## INTRODUCCIÓN

De acordo coa normativa vixente remitimos a seguinte PROGRAMACIÓN XERAL para este curso 2024/2025, coa aprobación do Consello Escolar do colexio.

| | |
|---|---|
| C.E.I.P. "VIRXE DO ROCÍO". | |
| R/ Rocío, nº 70. | |
| 36208 Vigo. | |
| Código: 36010009 | |
| PROVINCIA | PONTEVEDRA (36) |
| CONCELLO | VIGO (36057) |
| TELÉFONO | 886 120 860<br>886 120 862 |
| TELÉFONO MÓBIL | 658 715 569 |
| E-CORREO | ceip.virxe.rocio@edu.xunta.gal |
| Web da escola | http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxerocio/ |
| INSTITUTO AO QUE ESTÁ ADSCRITO | IES. ALEXANDRE BÓVEDA. |

Somos un centro multicultural, integrador e aberto. Achegado as nosas tradicións e a nosa lingua, que ao tempo aposta polas novas tecnoloxías integrándoas no quefacer diario.

Na escola temos activa a páxina web e os varios blogues, un de biblioteca http://virxedorocio.blogspot.com/, outro do Equipo de Dinamización Lingüística http://avozdoresio.blogspot.com/ e algún de aula, nos que se reflicte unha pequena parte do noso traballo. A integración das novas tecnoloxías na escola é fundamental.

Iniciamos un curso escolar. seguindo as directrices da Orde do 12 de abril de 2024, pola que se aproba a calendario escolar 2024/2025 e as instrucións enviadas na RESOLUCIÓN do 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2024/25

Esta volta á escola supón un dobre reto para tod@s; dunha banda á implementación dunha

redución en horario lectivo dos mestres sen que cheguen recursos humanos e doutra a necesidade de concienciármonos da importancia da boa xestión das emocións para unha aprendizaxe integral e de vida.

Para superar eses retos temos establecido un plan de traballo que desenvolveremos ao longo do curso e que titulamos:

## " O RESÍO, A ESCENA"

Baixo o paraugas deste fermoso título, deixaremos voar a nosa imaxinación e creatividade. Procuraremos achegar á Comunidade Escolar ao mundo das Artes Escénicas; dende os títeres ata a danza, pasando pola ópera, o musical, percorreremos o patio de butacas ata mergullarnos nas súas entrañas. Pretendemos que a nosa comunidade goce coa palabra, o son e a expresión corporal coñecendo así, infinitas posibilidades de ocio e socialización afastándose das pantallas e as redes que tanto dano provocan nas novas xeracións.

As artes escénicas son o reflexo do que acontece na sociedad; ecoloxía, paz, igualdade, inclusión e diversidade serán piares no desenvolvemento do noso proxecto anual.

Tentaremos integrar todos os contidos do curriculo da nova lei así como crear conciencia no noso alumnado e nas súas familias da importancia de xestionar correctamente os impulsos consumistas así coma as máis primitivas emocións. Isto vainos permitir apreciar as marabillas coas que convivimos no planeta, tomar conciencia da importancia da súa conservación e establecer unha nova proposta da interrelación con tódolos seres vivos.

Para acadar todo iso, contamos co noso traballo e ilusión, coa curiosidade do alumnado, o seu traballo e implicación e coa colaboración, sempre formidable, das familias.

No aspecto pedagóxico, a aprendizaxe cooperativa, está integrada no traballo nas aulas, traballo iniciado nun plan de formación en centros do profesorado, instrumento ideal para lograr a inclusión e a cohesión social. Permitenos o desenvolvemento de estratexias de atención á diversidade na aula, facilitando o desenvolvemento das competencias básicas no

alumnado. O profesorado pensa que os contidos traballados con esta metodoloxía afianzanse máis. O traballo desenvólvese en grupos pequenos de alumn@s heteroxéneos para lograr obxectivos comúns de aprendizaxe. Deste xeito lograremos que os nosos alumnos sexan persoas capaces de cooperar e de establecer boas relacións humanas.

Traballamos en valores, conscientes de que o noso labor é a formación integral do noso alumnado.

Colaboramos e interactuamos coas familias, a contorna e as institucións da nosa cidade, cos ollos postos no horizonte do noso planeta.

Loitamos pola igualdade, especialmente a de xénero, tentamos fomentar no alumnado espírito crítico, animándoo a valorar o que se fai ben e a buscar alternativas para o que se fai mal.

**O noso obxectivo é que o alumnado deixe a escola cunha boa formación e con criterio propio sobre o mundo que coñece.**

***Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.***

## 1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

**A NIVEL PEDAGÓXICO:**

Neste PLAN XERAL, pretendemos ser realistas, e propoñémonos partindo da nosa experiencia que queremos mellorar a dinámica de traballo da nosa escola en todos os aspectos que sexa posible.

Sabemos que este documento non é o lugar idóneo para protestar, pero, comeza un curso no que os recursos humanos da escola están reducidos en 34h lectivas (17 mestres x2), 34 horas que son o noso dereito, pero que a Consellería reduce na atención ao alumnado, quedamos sen gardas, quedamos sen apoios, e o que é peor, xera malestar no claustro. Todo isto se solucionaría enviando dous mestres adicionais e necesarios para equilibrar o traballo que se viña desenvolvendo.

O proxecto que presentamos para o presente curso escolar, é

**" O RESÍO, A ESCENA"**

Baixo este título seguiremos traballando os ODS en especial o 1, 3, 4, 5, 8, 10 e 16. Tal e coom dicía Mariano de Paco " As artes escénicas son un elemento comunicativo fundamental para transmitir os ODS e a capacidade de achegarse ao intanxible".

Contaremos coa colaboración de artistas locais ou mestres especializados a participar e enriquecer a experiencias. Tentaremos involucrar ás familias nas actividades e actuacións, ,promovendo a participación comunitaria.

Ademais, seguiremos a traballar para reducir a gran desigualdade producida pola fenda dixital que case sempre vai unida á socioeconómica. Aproveitando as últimas dotacións da Xunta en robótica, paneis dixitais e computadores, seguiremos co esforzo compensatorio da formación nas tecnoloxías e do acceso aos equipos necesarios para todo o alumnado e familias.

Durante este curso pretendemos preparar ao noso alumnado para o exercicio activo da cidadanía, unha cidadanía que respecte a diversidade e loite por preservala.

Malia que o tema do PDI anual está moi relacionado con todos os ODS, traballaremos máis polo miúdo o **obxectivo 4**, educación de calidade, na que se promove a creatividade, a expresión e o desenvolvemtno emocional do alumnado; o **obxectivo 5**, Igualdade de Xénero. Garantimos actividades inclusivas e as representacións promoven a igualdade de xénero. O **obxectivo 10**, Redución das desigualdades, o **ODS 11** participación comunitaria e utilización de materiais reciclados e sostibles para a creación de traxes, escenarios e títeres. **ODS 16, fomentar** a resolución de conflictos a través do teatro e do xogo dramático. Representar historias que promovan PAZ e finalmente, o **obxectivo 17, alianza para lograr os obxectivos** que se levará a cabo colaborando con artistas locais, familias e distintas organizacións para implementar a mellorar as actividades.

Este proxecto foi elexido pola maioría do profesorado a finais do curso pasado e desenvolverase durante todo o curso escolar. Este proxecto interdisciplinar está programado verticalmente para ser levado a cabo por todo o alumnado da nosa escola.

O desenvolvemento das actividades, levaranse a cabo, a través das aulas de titoría, apoiadas dende as aulas de educación musical, educación plástica (laboratorio das artes e das ciencias), a aula de tecnoloxías da información e da comunicación e a biblioteca do centro. Pero o proxecto pretende ir máis aló, pretendemos que invada a vida diaria do centro con actividades que permitan ao alumnado descubrir o mundo no que se desenvolve.

A temática anual permitiranos favorecer o coñecemento e o contacto directo coa literatura, coas tradicións orais, as lendas, e as tradicións. Ao mesmo tempo traballamos no coñecemento da natureza, o coidado da contorna, a pradaría mariña da praia do Adro, a reciclaxe, a compostaxe,... moitas cousas, que se encauzaron a través da biblioteca creativa.

Tamén permite ampliar o vocabulario galego relacionado co ...mundo do espectáculo.

Buscamos que o noso alumnado sexa consciente da importancia da literatura, das tradicións orais e escritas. Tamén faremos fincapé coa conservación do noso planeta. Día a día, normalizamos hábitos e costumes que fomentan o coidado do noso planeta, porque...utilizamos a regla dos tres R: reutilizar, reciclar e reducir, aprendimos que non é suficiente con reciclar o que gastamos, senón que debemos consumir menos. En definitiva, fixemos un consumo responsable. Traballamos na horta, utilizamos a composteira,..

No presente curso escolar traballaranse e reforzaranse todos estes contidos fomentando o traballo en equipo e a participación da Comunidade Educativa nun proxecto común.

**" O RESÍO, A ESCENA"** servirá de desculpa para o traballo de investigación, lecturas e desenvolvemento do noso alumnado adentrándoos, no mundo da escritura. A escrita como medio de comunicación, expresión, creación, información e coñecemento aproveitando todos os recursos que contan na súa contorna.

**En definitiva, traballaremos nesta nova aventura, que trataremos?, que investigaremos?.. seguro que moitas cousas, o que vos podemos asegurar é que crear imos a CREAR MOITO XUNTOS**

Dende as aulas faise unha motivación especial. Picolindo contacta con todo o alumnado a través do seu blogue pero ademais, quere que todos aprendamos cos seus descubrimentos porén, envíanos probas. Neste xogo PICOLINDO nos convida a todos a conseguir Pikeuros, simplemente con participar nos xogos que presenta

polos corredores a carón da biblioteca e con facer COMENTARIOS coa resposta e engadir información (datos, vídeos, imaxes, o webs de interese...) no seu blogue.

Ao longo de todo o curso estaremos a traballar co Sementando Palabras, os Enigmas do Doutor Bacilus, (un dos xogos propostos por Picolindo, mascota da biblioteca), a través das novas tecnoloxías e a aprendizaxe cooperativa.

**A horta escolar mailo laboratorio das artes e das ciencias** terán que ver coa parte práctica do proxecto que se desenvolverá posto que nos permite facer un traballo de campo.

O desenvolvemento deste proxecto verase plasmado nun calendario anual e terá o seu momento especial cando polo mes de abril, e coincidindo co mes dos libros, os nosos alumnos e alumnas se convertan en "EXPERTOS" do mundo da creación, o circo, a expresión corporal, a danza, a maxia, o teatro, o guiñol, o mimo, o musical,... unido á radio, prensa, televisión, cine, croma, impresión 3D, se chegan os Polos Creativos, nos plotters e máquinas de deseño, ... no que se exporán, ante o resto dos seus compañeiros de escola as aprendizaxes conqueridas ao longo deste proxecto. Esta será a **XV Edición de Expertos**. Esta actividade é unha tarefa de obrigado cumprimento polo éxito da mesma en todos os sectores da nosa Comunidade Educativa e ao gran reto que supón falar en público para os rapaces e vencer ó medo escénico.

Estas conferencias permiten ao noso alumnado expresarse e falar en público co apoio do material dixital e plástico elaborado nas aulas. Estas conferencias son gravadas en vídeo co permiso das familias e son compartidas con toda a comunidade educativa a través do blogue da biblioteca "O BLOGUE DE PICOLINDO".

E algo moi importante, tentaremos que dende o primeiro día as familias se impliquen e colaboren coa preparación destes "xogos" da escola do Rocío.

Ademais, continuaremos a facer a actividade da PALABRA DO DÍA, coa que facilitaremos o acceso ao vocabulario temático aprendendo cada día unha palabra nova sobre a cidade na que vivimos. Esta actividade non so será dirixida ao alumnado

senón tamén ao profesorado. Todos os días, ao comezar á mañá, o coordinador de normalización lingüística será o encargado de escribir a palabra xunto coa súa definición. Os mestres deben compartir esa palabra cos seus alumnos na aula. Ao finalizar o curso, teremos o noso dicionario temático da cidade. Este pequeno dicionario estará presente na web do noso cole, cun recuncho especial dedicado a el no que todos poden ver e descargar as palabras dende o mes de outubro ata o de maio.

Tampouco podemos esquecernos da III Edición do programa CHOVEN TALENTOS, que se levará a cabo a finais de curso, onde cada neno e nena, mestre o u mestra, ou outro membro da comunidade educativa nos mostras os seus talentos.

Este curso, continuamos a andadura como centro EDIXGAL, programa que foi moi positivo pero que leva varios cursos abandonado pola administración. A día de hoxe, so temos acceso ao primeiro tema nalgunha plataforma dixital,... a pregunta é... e se queremos comezar polo tema 10?. Temos claro que imos traballar cos computadores como unha ferramenta máis, tiraremos do antigo fondo de libros de texto, cadernos,... aproveitaremos a ferramenta dixital para indagar e , para traballar en grupo pero coma un recurso máis non como a principal ferramenta da aula.

Isto que acabamos de relatar ten que ver coa nosa faceta pedagóxica pero nunha escola non so se traballa os proxectos e os contidos propios de cada nivel educativo.

**NO ÁMBITO ADMINISTRATIVO**, día a dia a administración fai que teñamos que facer moitos trámites burocráticos e, a atención das familias, lévanos cada vez máis tempo o que dificulta ter ao día o estado das nosas instalacións. E aí está un dos nosos problemas..

Este curso escolar a pesar do que se di nos medios de comunicación, na que se promulga, a baixada da carga de traballo dos equipos directivos, na nosa escola todo o contrario, comeza cunha gran carga de traballo administrativo, a destacar os invonvenientes coa aula virtual da escola, en concreto problema coa matriculación

de novos usuarios. Moitas tarefas concentradas en poucas persoas que precisamos adicarlle tamén tempo a nosa faceta pedagóxica, somos mestres.

**NO ÁMBITO DA COMUNIDADE EDUCATIVA,** os pais/nais, deben implicarse en este e noutros aspectos que favorezan e incrementen a calidade educativa dos seus fill@s.
Os mestres/mestras, alumnos e alumnas, en definitiva, toda a comunidade educativa debemos colaborar no cumprimento das normas para unha convivencia adecuada e que os responsables das administracións educativas terán previsión de todas e cada unha das actuacións que se deben levar a cabo na nosa escola. Comezamos un curso difícil, cada vez son máis os conflictos entre familias que repercuten no normal funcionamento da escola. Os nenos son nenos, e non deben vivir, nin ser partícipes dos problemas entre as familias. Estamos a utilizar moito tempo, que xa é escaso, das tarefas administrativas a solventar problemas de convivencia, cousa que este ano será levado a cabo pola **Cooedinadora de Benestar e Convivencia** da escola, dona **Consuelo Pérez Falque**, en colaboración e axuda do departamento de Orientación e en coordinación co equipo directivo mailo equipo docente
Este curso escolar temos o firme propósito de actualizar os documentos que levan a nosa sinal de identidade, e conforman o noso proxecto educativo. Comezaremos coas NOFC, seguiremos co Plan de Convivencia, e continuaresmos a aprender a convivir cos novos conceptos que trae a LOMLOE: obxectivos, perfil de saída, competencias clave, competencias específicas, saberes básicos, situacións de aprendizaxe. O novo currículo non so trae oito novas competencias, e tamén trae o PROENS, ferramenta que será utilizada polo profesorado para programar.
Se é posible, tamén elaboraremos o plan de comunicación do centro sen esquencer outras cousas tamén importantes, polo que continuaremos traballando arreo para conseguir:

**<u>MELLORAR O ASPECTO EXTERIOR E INTERIOR DA NOSA ESCOLA CREANDO UN CLIMA AGRADABLE E ACOLLEDOR</u>**

## ÁMBITO DO PROFESORADO

- Fomentar nos alumnos e alumnas a preocupación pola lectura, coñecer distintos tipos de libros, contos, autores,...
- Colaborar co alumnado na mellora do contorno: coidando as plantas, as árbores e respectando as instalacións e o material do Colexio. Practicaremos a clasificación dos residuos.
- Funcionamento de equipos de traballo: biblioteca e Tic que integrarán ao equipo interdisciplinario, EDLG e actividades extraescolares.
- Racionalizar e aproveitar o uso dos recursos didácticos do centro: Material didáctico, material bibliográfico, medios audiovisuais, recursos informáticos,...
- Potenciar a aprendizaxe das linguas.
- Deseño e posta en marcha dun plan de apoio, á parte do especializado, para alumnos e aulas que presenten maiores necesidades.
- Organizar o equipo de actividades complementarias e extraescolares con representantes de cada nivel.
- Desenvolver estratexias de motivación do alumnado cara o estudio e o esforzo que repercutan nun aumento dos niveis curriculares, en definitiva, educar en valores, inculcando fundamentalmente os principios de responsabilidade, esforzo e honestidade.
- Atender ás técnicas instrumentais.
- Realizar as entradas e saídas no centro ordenadamente.
- Potenciar o servizo de Comedor Escolar e mellorar no posible o seu funcionamento.
- Levar a cabo o Proxecto Lector.

- Incrementar a utilización da Biblioteca Xeral por parte d@s alumn@s e as familias, polas tardes.
- Promover e realizar actividades de animación á lectura.
- Desenvolver hábitos positivos cara a lectura e aumentar a competencia lectora dos nosos alumnos.
- Actualización do PLAN DIXITAL DE CENTRO.
- Utilizar as TIC'S como ferramentas facilitadoras da aprendizaxe en tódalas áreas do currículo e como instrumento de difusión da liña educativa e actividades do centro.
- Potenciar a participación dos pais e nais nas actividades do Centro.
- Seguir potenciando a colaboración do centro coas distintas institucións locais e provinciais.
- Continuar coa nosa formación dentro do ámbito das novas tecnoloxías formando grupos de traballo para coñecer o mundo da robótica, das aulas virtuais, a radio, o cine, a televisíón e o mundo da programación. Tamén queremos recibir formación na lei de protección de datos.

## ÁMBITO DA FAMILIA

- Buscar a participación dos pais nas tarefas educativas a través da utilización da axenda escolar e das notas informativas. Os mestres tamén utilizarán un e-correo creado ao efecto, o AbalarMóbil e a Web da escola incluíndo a aula virtual.
- Buscar a implicación das familias nas necesidades académicas dos seus fillos. Os pais teñen a obriga de traer aos seus fillos á escola tódolos días, co material necesario para realizar as súas tarefas académicas.
- Facer ás familias do alumnado conscientes da importancia das probas de nivel establecidas na nova lei, polo que buscamos a colaboración de todas elas na realización por parte do alumnado de tarefas extraescolares

que complementen a súa formación, e lles leve á conseguir unhas rutinas de traballo e esforzo. Estas tarefas sempre serán proporcionais e acordes á idade do alumnado. Neste senso buscarase a coordinación do profesorado para non "cargar "excesivamente ás familias de xeito que a súa participación activa na aprendizaxe dos seus fillos sexa o máis adecuada posible.

- Levar a cabo actuacións e charlas informativas sobre temas de interese para as familias. Este curso gustaríanos facer fincapé na alimentación, o Acoso escolar, o acceso ás novas tecnoloxías e a prevención da drogadicción, entre outras. No tocante á alimentación e tendo en conta as directrices marcadas no novo curriculum no que se nos indica que o centro debe ter un plan de actividades físicas e hábitos saudables, concretaremos un plan de merendas, que axude a que as familias, envíen alimentos sans.

Tamén solicitamos un Plan Proxecta, **Proxectos de vida acttiva e deportiva (PVAD)**

- Mellorar as vías de información do Centro coa consolidación do sistema de comunicación AbalarMóbil, e favorecer dese xeito un contacto inmediato coa maioría das familias.
- Controlar a puntualidade da hora de entrada e nas saídas do centro respetando os diferentes horarios de entradas e saídas.
- Continuar a boa relación cos membros da ANPA. Xuntos acadaremos unha escola de calidade.

- **ÁMBITO DA CONVIVENCIA**

- Tomar medidas para mellorar a convivencia entre os alumn@s e entre os mestres.
- Dar publicidade aos DOCUMENTOS do Centro a través da Web da escola.

- NOFC (NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO), en tódolos sectores educativos. Os alumnos deben coñecer os deus dereitos e as súas obrigas, os pais e os mestres tamén. Neste ámbito é moi importante o coñecemento da función da AULA DE CONVIVENCIA.
- Fomentar os hábitos de traballo e respecto entre eles e cara os demáis.
- Traballar no respecto entre o alumnado independentemente da súa nacionalidade, raza ou relixión.
- Coidado do contorno escolar: limpeza do centro, recollida de papel, tapóns e pilas para súa reciclaxe.
- Educar en valores de xeito transversal e mediante outras actividades de carácter puntual que se poidan levar a cabo. Esta educación en valores faise a diário, xa que sempre xorden ocasións para abordar algún que outro tema.
- Educar contra todo tipo de dependencias: tabaco, alcohol, drogas, xogo...
- Dar resposta ás necesidades de integración e compensación escolar que xorden ao longo do curso.
- Establecer un plan de mellora das normas de educación e cortesía.
- Colaborar cos colectivos e organizacións do barrio, participando nas actividades que estes organicen.
- Participar nos programas educativos que axuden aos nosos alumnos/as a desenvolverse como persoas.

- **ÁMBITO DO ALUMNADO**

- Desenvolver condutas de respecto cara os seus compañeiros e compañeiras, valorándoos e aceptándoos tal e como son, evitando todo tipo de condutas agresivas, tanto verbais como físicas e de rexeitamento.
- Tentar que o alumnado adquira hábitos intelectuais e de técnicas de traballo. Estas estratexias de traballo serán conseguidas no traballo

diario na aula e complementaranse coas tarefas extraescolares que lles proporcionarán responsabilidade e hábito de traballo. Estas tarefas serán proporcionais a idade do alumnado.

- Dirixirse con respecto e educación a tódolos mestres do centro.

**EN DEFINITIVA, TRATAREMOS DE ABRIR A ESCOLA Á COMUNIDADE,** mellorando na medida do posible o nivel de convivencia e colaboración entre os membros dos distintos sectores da comunidade educativa e buscaremos unha maior colaboración e implicación dos pais no proceso educativo dos seus fillos e fillas. Na escola o máis importante son os nenos e nenas. Por e para eles se traballa arreo día a día.

## 2. Medidas a desenvolver para a súa consecución

Somos unha escola en movemento, non estamos parados, participamos en moitos proxectos promovidos pola Consellería, e outros Organismos Públicos, e buscamos a implicación das familias en todo o relacionado coa vida escolar. Estamos convencidas que familia e mestres debemos camiñar pola mesma senda do coñecemento e da aprendizaxe.

Quizais pequemos de non darlle publicidade suficiente ao noso traballo. Estamos moi orgullosos do noso, e as veces, por mor da cantidade de papeis, da ben chamada burocracia, deixamos que o traballo quede dentro dos muros da nosa escola e non se extrapolen cara outros lares. É unha proposta de futuro a difusión do noso traballo, un traballo por proxectos, interdisciplinario que fai que a aprendizaxe sexa cada día máis divertida e efectiva.

Todo o profesorado , baixo a dirección das persoas responsables , colaborará na adaptación desta Programación Xeral Anual, e na revisión dos proxectos educativos e das concrecions dos curriculos, garantindo a coherencia nas actuacións docentes. Participarán todos eles nas distintas xuntanzas de ciclos, educación infantil, primeiro ciclo, segundo ciclo e terceiro ciclo, claustros,...

Cada grupo de alumnos e alumnas contará cunha persoa titora que se responsbilizará da atención e seguimento personalizado do alumnado do grupo, da súa orientación e apoio.

Para garantir a continuidade do proceso formativo dos nosos rapaces, o profesorado de infantil e primaria coordinaranse para facilitar a transición das etapas educativas, o mesmo acontecerá cando marchen cara o instituto.

A metodoloxía será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa, participativa e emocionalmente positiva; procurando integrar distintas experiencias e aprendizaxes, tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, fomentando o traballo colaborativo e en equipo, potenciando as aprendizaxes significativas o que redundará na mellora da autonomía.

## 3. Recursos previstos para o efecto

O ámbito de actuación da dirección da escola é moi amplo. Temos que organizar os recursos materiais, económicos e persoais, garantir o cumprimento das leis, dirixir ao persoal do centro, favorecer a convivencia, impulsar a colaboración coas familias e co entorno do centro, convocar e presidir os órganos colexiados, entre outras moitas cousas.

### RECURSOS PERSOAIS: O ALUMNADO, PERSOAL DOCENTE E NON DOCENTE DO CENTRO.

Unha das características do noso centro é a DIVERSIDADE en canto á procedencia social do noso alumnado. Nos últimos anos, o alumnado inmigrante, pasou a ser case inexistente. Na actualidade so un 5% do alumnado é de procedencia extranxeira. De tódolos xeitos, temos un PLAN DE ACOLLIDA e seguimento do alumnado.

Temos que destacar, por último, que temos matriculados no centro un número significativo de alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo, e un número considerable de alumnos e alumnas cun desfase curricular grave debido ao entorno sociocultural no que viven.

## O ALUMNADO

O CEIP.Virxe do Rocío é unha escola que nos últimos catro anos está a sufrir unha preocupante baixada de matrícula, debido inicialmente á baixa natalidade da nosa cidade e da Parroquia na que se atopa, Bouzas. Outro factor importante, é a ampliación de liñas na escola de Navia, que durante dez anos aportou o 70% da nosa matrícula. Motivo polo cal nos cursos altos estamos ao 100% da ratio e nos cursos baixos está chegando a límites de gran preocupación. Precisamos axuda neste ámbito, quizais sexa a nosa particular dificultade.

A mellor fortaleza é a estabilidade da plantilla do profesorado que fai que as cousas que funcionan se afianzan e as que non resultan se cambian. Na actualidade o número de alumnos é de 158.

A día de hoxe, 8 de outono de 2024, a distribución do alumnado é a que segue:

| CURSO | ALUMNADO | HOME | MULLER | |
|---|---|---|---|---|
| 4º EI | 5 | 1 | 4 | 32 |
| 5º EI | 12 | 3 | 9 | |
| 6º EI | 15 | 7 | 8 | |
| 1º EP | 13 | 8 | 5 | 125 |
| 2º EP | 25 | 15 | 10 | |
| 3º EP | 15 | 6 | 9 | |
| 4º EP | 24 | 10 | 14 | |
| 5ºEP | 21 | 10 | 11 | |
| 6º EP | 27 | 13 | 14 | |
| TOTAL | 158 | 73 | 87 | |

O total do alumnado en EI é de 33 e polo tanto do centro 159 ao incorporarse unha nova nena no sexto curso de educación infantil a 4 de outono de 2024, polo tanto o grupo de sexto de infantil está composto por 8 nenos e 8 nenas.

## PERSOAL DOCENTE

O CEIP. Virxe do Rocío ten no presente curso escolar 2024/2025 os seguintes postos de traballo:

| | *EI* | *EP* | *FI* | *FF* | *EM* | *EF* | *PT* | *ALC* | *OC* | *Total* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Catálogo do centro* | *4* | *5* | *1* | *1* | *1* | *1* | *1* | *1* | *1* | *16* |
| *Cubertos no presente curso* | *4* | *5* | *1* | *1* | *1* | *1* | *1* | *1* | *0* | *15* |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Cubertos con destino definitivo* | *4* | *4* | *1* | *1* | *1* | *1* | *1* | *1* | *0* | *14* |

## PERSOAL NON DOCENTE

- Un porteiro vixilante eventual contratado polo Concello de Vigo.
- 3 limpadoras contratadas polo servizo de Limpeza do Concello de Vigo en quenda de tarde. Continúa desaparecido  o servizo de limpeza matinal.

## DOTACIÓN DE RECURSOS.

A dotación de recursos do noso centro pódese considerar boa pero antigua; hoxe en día deberíamos ter outro tipo de mobiliario máis versátil e adaptado ás novas formas de aprendizaxe. No que atinxe aos medios informáticos, non podemos dicir que sexa unha situación ideal, pois os equipos vólvense rapidamente obsoletos e nos despachos de dirección bótanse en falta equipos que dispoñan de novos instrumentos fundamentais para o proceso de ensino aprendizaxe actual.

Este curso escolar, ao ser un dos centros seleccionados para traballar cos libros dixitais, EDIXGAL, contamos con 52 computadores para o traballo na aula co alumnado. Contamos tamén con dous carros de carga, e soliciouse a dotación de computadores para os mestres que imparten clase neste nivel que así o requeriron.

Asimesmo contamos cun pequeno carro de carga con 26 computadores das chamadas escolas activas, polo que o alumnado dos primeiros cursos de primaria poden dispor dela cando o precisen. É unha aula móbil.

Dispomos **dunha moderna e innovadora, aula STEAM**, o alumnado goza con ela. Temos que continuar a formarnos. Entre todos estamos aprendendo a ser un centro destacado a nivel das tics. Temos un **plan dixital de centro**.

**A radio escolar**, que forma parte da mesma comeza a coller forma, e faise difusión dos programas de radio escolar. Este curso debemos traballar todos no desenvolvento dos programas radiofónicos.

Continuamos a formar parte do proxecto de Biblioteca Creativa, xa imos coñecendo o funcionamento da impresora 3D. Pouco a pouco imos elaborando distintos obxectos deseñados no Tinkercard e gozamos dos obradoiros tecnolóxicos ofertados grazas a participación neste programa.

Somos un centro no que se fai un importante labor na introdución das tics, por iso agora se nos apoia dende a administración para continuar mellorando. Pedimos a participación no programa POLOS CREATIVOS, esperamos que este curso chegue a dotación.

Tamén é moi importante o funcionamento da nosa Biblioteca escolar. Somos un centro que entrou no PLAMBE II, isto supón uns ingresos extraordinarios para aumentar os fondos. Con orgullo, pódese dicir que a nosa biblioteca é a DINAMIZADORA DA VIDA DA ESCOLA. Permanece aberta tódolos dias no tempo de lecer, e de 16:00 a 18:00h. tódolos dias menos os martes, xa que todavía non atopamos o/a voluntario/a que se ofreza a dar este servizo. Este espazo, conta tamén con tres novos equipos informáticos para os usuarios.

Destacaríamos o Comedor, amplo e dotado de mobiliario. Este curso a nova empresa adxudicataria terá que modificar os nosos espazos por mor da compra de electrodomesticos e cambio no sistema de xestión.

## RECURSOS TEMPORAIS, OS HORARIOS.

A xestión do tempo na dirección é fundamental, polo que é mester unha boa planificación, unha priorización dos temas a tratar, aprender a delegar traballo evitando o excesivo perfeccionismo.

As reunións son moi frecuentes na escola, poderiamos dicir que forman parte do traballo habitual: claustros, consellos escolares, xuntas de avaliación, reunións de departamento, xuntanzas coas familias,... A preparación das mesmas é fundamental. Procuraremos establecer hora de inicio e de finalización. Debemos rehuír do exceso de reunións e facer delas xuntanzas operativas. Tempos estipulados para cada punto da orde do día,...

O horario de centro é de xornada continuada de 9 a 14h para o alumnado.

O horario para o profesorado é de 9 a 14:00 h.. A exclusiva faise os mércores e xoves de 14:00 a 14:30h mailos martes pola tarde de 16 a 19:00h.. Ademais de facer unha ou dúas gardas ao mes cada mestr@ de 16 a 18h. na que atende a biblioteca e supervisa outras dependencias.

No mes de setembro elabóranse os horarios pol@ xefe de estudos en coordinación co equipo directivo e tras consensuar criterios cos mestres.

**HORARIO TOTAL 2024-25**

| | Mariluz 3 Anos | Olalla 4 Anos | Eva 5 Anos | Rebeca 1º | Chelo 2º | Mónica 3º | Susana 4º | Begoña 5º | Juan 6ºA | Xan 6ºB | EQ DIR |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LUNS 1º 2º 3º | Ap | | PSICO | Chelo LC | Ap Susana<br>ING | | ING | E.F. | BIBLIO<br>Mate | | X |
| LUNS 4º 5º | BIBLIO | | | E.F.<br>ING | | ING<br>E.F. | MÚSICA | MÚSICA | Le<br>Le | | Din ED<br>Din Or |
| MART 1º 2º 3º | PSICO | PSICO<br>Ap | | PLÁST | PLÁST<br>BIBL Olg | ING | Ap Olga<br>PLÁST | BIBLIO<br>Ap Mónic | ING<br>E.F. | MÚSICA<br>E.F. | S |
| MART 4º 5º | | | BIBLIO<br>Ap | MÚSICA<br>ING | MÚSICA | E.F.<br>BIBLIO | E.F. | ING | Le<br>Mate | | S+D+X |
| MÉR 1º 2º 3º | | ING | PSICO<br>Ap | | Ap Susana | TIC Mer | TIC Mer<br>ING | ING | REL/ PC | REL/ PC | D |
| MÉR 4º 5º | ING<br>Ap | Ap | | BIBL | REL/ P.C.<br>E.F. | | E.F. | | Mate<br>Mate | | |
| XOVES 1º 2º 3º | PSICO | PSICO | | TIC Mer | TIC Mer | PLÁST<br>REL/P.C. | Ap Olga | PLÁST | PLÁST | PLÁST | S |
| XOVES 4º 5º | | BIBLIO | ING | REL/ P.C.<br>E.F. | E.F | MÚSICA | REL/ P.C. | ING | Le<br>ING | BIBLIO | |
| VENR 1º 2º 3º | Ap<br>REL/ VAL | REL/ VAL | Ap<br>Ap | | | ING | BIBLIO | TIC | TIC<br>ING | TIC | X+S |
| VENR 4º 5º | | Ap<br>Ap | REL/VAL | Chelo LC | ING | | ING | E.F.<br>REL/P.C. | MÚSICA<br>E.F. | E.F. | |

ÁNGELA ANA OLGA MERCEDES JUAN REBECA XAN

Ademáis, establécese unha planificación anual das actividades, festividades e conmemoracións previstas.


















## Apuntamentos

## OUTONO 2024

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES | SÁBADO | DOMINGO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 [illegible] | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 [illegible] | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 AVALIACIÓN INICIAL EI | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 DÍA DA BIBLIOTECA | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 SAMAÍN | 31 DÍA DO ENSINO | | | |

## OUTONO 2024

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES | SÁBADO | DOMINGO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | 31 | | | |

## OUTONO 2024

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES | SÁBADO | DOMINGO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 OLALLA | 3 OLIVIA | 4 EVA | 5 | 6 |
| 7 MARILUZ | 8 | 9 REBECA | 10 CHELO | 11 SUSANA | 12 | 13 |
| 14 MÓNICA | 15 | 16 XAN | 17 CARMEN | 18 RAFA | 19 | 20 |
| 21 OLGA | 22 | 23 MERCE ANA | 24 OLALLA | 25 OLIVIA | 26 | 27 |
| 28 EVA | 29 | 30 MARILUZ | 31 | | | |

## MARTES TARDE OUTONO 24

| MARTES | HORARIO | ACTIVIDADE |
|---|---|---|
| 1 | 16:00 | XUNTANZA COAS FAMILIAS DE EDUCACIÓN INFANTIL |
| | | AVALIACIÓN INICIAL 3º, 4º, 5º E 6º EP. |
| | 18:00 | XUNTANZA POR CICLOS PARA SAÍDAS E OBXECTIVOS PARA PXA. |
| 8 | 16:00 | AVALIACIÓN INICIAL 2º, 1º E XUNTANZA COAS FAMILIAS DE EI |
| | 17:00 | CLAUSTRO. DÍA NON LECTIVO. |
| | 18:00 | CONSELLO ESCOLAR. APROBACIÓN PXA. |
| 15 | 16:00 | ATENCIÓN RESPONSABLES AVALIACIÓN INICIAL E.I. |
| | 17:00 | XUNTANZA EQUIPOS BIBLIOTIC E EXTRAESCOLARES. DÍA DA BIBLIO E SAMAÍN. |
| | 18:00 | XUNTANZA XERAL |
| 22 | 16:00 | ATENCIÓN RESPONSABLES |
| | 17:00 | XUNTANZA EQUIPOS EXTRAESCOLARES E BIBLIOTIC |
| | 18:00 | XUNTANZA XERAL |
| 29 | 16:00 | ATENCIÓN RESPONSABLES |
| | 17:00 | |
| | 18:00 | |

## Apuntamentos

## SANTOS 2024

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES | SÁBADO | DOMINGO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 MAGOSTO | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 CALENDARIO | 27 | 28 | 29 | 30 | |

## SANTOS 2024

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES | SÁBADO | DOMINGO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | |

## SANTOS 2024

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES | SÁBADO | DOMINGO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 CHELO | 5 | 6 SUSANA | 7 MÓNICA | 8 JUAN | 9 | 10 |
| 11 CARMEN | 12 | 13 RAFA | 14 OLGA | 15 MERCE | 16 | 17 |
| 18 EVA | 19 | 20 XAN ANA | 21 OLALLA | 22 OLIVIA | 23 | 24 |
| 25 XAN | 26 | 27 MARILUZ | 28 REBECA | 29 CHELO | 30 | |

## MARTES TARDE SANTOS 24

| MARTES | HORARIO | ACTIVIDADE |
|---|---|---|
| 5 | 16:00<br>17:00<br>18:00 | ATENCIÓN ÁS FAMILIAS<br>XUNTANZA EQUIPOS EXTRAESCOLARES E BIBLIOTECA: MAGOSTO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.<br>MAGOSTO |
| 12 | 16:00<br>17:00<br>18:00 | ATENCIÓN ÁS FAMILIAS<br>XUNTANZA EQUIPOS CICLO<br>XUNTANZA XERAL. ANÁLISE DO MAGOSTO. ACTIVIDADES DÍA INTERNACIONAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO. |
| 19 | 16:00<br>17:00<br>18:00 | ATENCIÓN ÁS FAMILIAS<br>XUNTANZA XERAL. LEMBRAR O PRAZO DE ENTREGA DA FOLLA DO CALENDARIO PARA O MARTES 26. DÍA INTERNACIONAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO. |
| 26 | 16:00<br>17:00<br>18:00 | XUNTANZA REPRESENTANTES.<br>RECOLLIDA FOLLAS DO CALENDARIO.<br>CLAUSTRO |

## Apuntamentos

## NADAL 2024

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES | SÁBADO | DOMINGO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | [illegible] | [illegible] | [illegible] | | | 1 |
| 2 | 3 [illegible] | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 AVALIACIÓNS [illegible] | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 ENTREGA DE BOLETÍNS | 18 | 19 | 20 FESTIVAL NADAL | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | 31 | | | | | |

## NADAL 2024

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES | SÁBADO | DOMINGO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | 31 | | | | | |

## NADAL 2024

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES | SÁBADO | DOMINGO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | 1 |
| 2 SUSANA | 3 | 4 MÓNICA | 5 JUAN | 6 | 7 | 8 |
| 9 CARMEN | 10 | 11 RAFA ANA | 12 OLGA | 13 XAN | 14 | 15 |
| 16 OLALLA | 17 | 18 OLIVIA | 19 REBECA | 20 EVA | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | 31 | | | | | |

## MARTES TARDE NADAL 2024

| MARTES | HORARIO | ACTIVIDADE |
|---|---|---|
| 3 | 16:00<br>17:00<br>18:00 | AVALIACIÓN EDUCACIÓN INFANTIL.<br>XUNTANZA XERAL. POSTA EN COMÚN DA ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL DE NADAL |
| 10 | 16:00<br>17:00<br>18:00 | AVALIACIÓNS DE 1º A 6º<br>CLAUSTRO. XUNTANZA XERAL, FESTIVAL DE NADAL<br>CONSELLO ESCOLAR. RENOVACIÓN. |
| 13 | 22:00 | CEA DE NADAL |
| 17 | 16:00<br>18:00 | ENTREGA DE BOLETÍNS<br>ORGANIZACIÓN FESTIVAL DE NADAL |

## Apuntamentos

## XANEIRO 2025

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES | SÁBADO | DOMINGO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 DÍA INTERNACIONAL DA EDUCACIÓN | 25 | 26 |
| 27 | 28 CLAUSTRO E C.E. | 29 | 30 PAZ | 31 | DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E A PAZ | |

CEIP O RESÍO — O RESÍO, A ESCENA! — CURSO 2024/2025

## XANEIRO 2025

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES | SÁBADO | DOMINGO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 CLAUSTRO E C.E. | 29 | 30 | 31 | | |

CEIP O RESÍO — O RESÍO, A ESCENA! — CURSO 2024/2025

## XANEIRO 2025

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES | SÁBADO | DOMINGO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 MARILUZ | 9 CHELO | 10 SUSANA | 11 | 12 |
| 13 MÓNICA | 14 | 15 XAN | 16 JUAN | 17 CARMEN | 18 | 19 |
| 20 REBECA | 21 | 22 RAFA ANA | 23 OLGA | 24 MERCE | 25 | 26 |
| 27 OLGA | 28 CLAUSTRO E C.E. | 29 XAN | 30 OLALLA | 31 OLIVIA | | |

CEIP O RESÍO — O RESÍO, A ESCENA! — CURSO 2024/2025

## MARTES TARDE XANEIRO 2025

| MARTES | HORARIO | ACTIVIDADE |
|---|---|---|
| 14 | 16:00 | ATENCIÓN ÁS FAMILIAS |
| | 17:00 | XUNTANZA EQUIPOS DE CICLO |
| | 18:00 | XUNTANZA XERAL |
| 21 | 16:00 | ATENCIÓN REPRESENTANTES/ XORNADA PORTAS ABERTAS |
| | 17:00 | XUNTANZA EQUIPOS BIBLIOTIC/EXTRAORDINARIA(DÍA DA PAZ) |
| | 18:00 | XUNTANZA XERAL |
| 28 | 16:00 | ATENCIÓN RESPONSABLES/OBRADOIROS EN FAMILIA/ PORTAS ABERTAS |
| | 17.30 | CLAUSTRO. PRESENTACIÓN, AVALIACIÓN E APROBACIÓN DAS CONTAS. |
| | 18.15 | CONSELLO ESCOLAR. PRESENTACIÓN, AVALIACIÓN E APROBACIÓN DAS CONTAS. |

CEIP O RESÍO — O RESÍO, A ESCENA! — CURSO 2024/2025

## Apuntamentos

CEIP O RESÍO — O RESÍO, A ESCENA! — CURSO 2024/2025

## CANDEAS 2025

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES | SÁBADO | DOMINGO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 DÍA DE ROSALÍA | 22 | 23 DÍA DE ROSALÍA |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | | |

| • **MEMBROS** | • **Álvarez Sánchez, María Olga**<br>• **Argibay Rodríguez, Rebeca**<br>• **Arnaiz Méndez, Carmen**<br>• **Díaz Prada, María Mónica**<br>• **Diz Vega, Mercedes**<br>• **Fernández González, Begoña Olga**<br>• **Fernández Méndez, María Mercedes**<br>• **Fernández Pérez, Juan Luis**<br>• **León Sotelo, Olalla**<br>• **Lomba Alonso, Xan Lois**<br>• **Lorenzo San Martín, Rafael**<br>• **Madarnás Rodríguez, Eva María**<br>• **Martínez González, Susana**<br>• **Novoa Blanco, Ángela**<br>• **Paz Silva, María Luz**<br>• **Pérez Comesaña, Ana Rosa**<br>• **Pérez Falque, María Consuelo**<br>• **Rodríguez Barreiro, Olivia** |

**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:**

| XEFE | Domínguez González, María Isabel |
|---|---|
| MEMBROS | **MEMBROS**<br>• **Álvarez Sánchez, María Olga**<br>• **Argibay Rodríguez, Rebeca**<br>• **Arnaiz Méndez, Carmen**<br>• **Díaz Prada, María Mónica**<br>• **Diz Vega, Mercedes**<br>• **Fernández González, Begoña Olga**<br>• **Fernández Pérez, Juan Luis**<br>• **León Sotelo, Olalla**<br>• **Lomba Alonso, Xan Lois**<br>• **Lorenzo San Martín, Rafael**<br>• **Madarnás Rodríguez, Eva María**<br>• **Martínez González, Susana**<br>• **Novoa Blanco, Ángela**<br>• **Paz Silva, María Luz**<br>• **Pérez Comesaña, Ana Rosa**<br>• **Pérez Falque, María Consuelo**<br>• **Rodríguez Barreiro, Olivia** |

**COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA:**

| XEFE | ANGELA NOVOA BLANCO |
|---|---|
| MEMBROS | Este curso escolar, todo o claustro forma parte desta comisión. |

**COMISIÓN DE OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA:**

| DIRECTORA: | ANGELA NOVOA BLANCO |
|---|---|
| ORIENTADOR: | ISABEL DOMÍNGUEZ |
| MESTRE: | **CONSUELO PÉREZ** |
| XEFA DE ESTUDOS: | ANA ROSA PÉREZ |
| NAI | ELENA GAREA<br>CRISTINA RESINO |

**COMISIÓN ECONÓMICA:**

| PRESIDENTE | ANGELA NOVOA BLANCO |
|---|---|
| SECRETARIA | BEGOÑA O. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ |
| MESTRA | ANA ROSA PÉREZ COMESAÑA |
| PAI | PENDENTE DE DESIGNAR |

**COMISIÓN AUTOPROTECCIÓN:**

| PRESIDENTE | ANGELA NOVOA BLANCO |
|---|---|
| MESTRES | MÓNICA DÍAZ PRADA<br>MARILUZ PAZ SILVA |
| NAI | SABELA FORNEIRO |

**COMISIÓN BIBLIOTECA:**

| COORDINADORA | ANA ROSA PÉREZ COMESAÑA |
|---|---|
| MESTRES | EVA Mª MADARNÁS |
| NAI | ROSA CHAPELA |

**EQUIPO COVID:**

| PRESIDENTE | ANGELA NOVOA BLANCO |
|---|---|
| MESTRA RESPONSABLE EI | MARILUZ PAZ SILVA |
| MESTRA RESPONSABLE EP | CONSUELO PÉREZ FALQUE |

Este curso non se constitúe este equipo de traballo. De ser mester ao longo do curso conformaríase deste xeito.

**EQUIPO ENFERMIDADES E RISCOS**

| RESPONSABLES | MARÍA ISABEL DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ |
|---|---|
| | ANGELA NOVOA BLANCO<br>MARILUZ PAZ SILVA<br>CONSUELO PÉREZ FALQUE |

**DISTRIBUCIÓN DE CELEBRACIÓNS E CONMEMORACIÓNS**

O profesorado distribúese en catro equipos de traballo: Equipo de dinamización da lingua galega, equipo de extraescolares, equipo tic e equipo de biblioteca.

| EQUIPO | DISTRIBUCIÓN DE CELEBRACIÓNS E CONMEMORACIÓNS |
|---|---|
| EXTRADINA | • Samaín<br>• Magosto<br>• Constitución e estatuto da autonomía de galicia<br>• Día da paz<br>• Día de Rosalía<br>• Entroido, colocación do meco, discursos e consignas.<br>• Happy easter<br>• Maios<br>• Letras galegas<br>• Proxecto A palabra do día<br>• Graduacións |
| **EQUIPO** | **DISTRIBUCIÓN DE CELEBRACIÓNS E CONMEMORACIÓNS** |
| BIBLIOTIC | • Día da biblioteca<br>• Día Internacional da violencia de xénero<br>• Calendario Escolar<br>• Festival de Nadal<br>• Día da Poesía<br>• Día da Reconquista<br>• Mercado do libro usado e de ocasión<br>• Día da declaración universal dos dereitos humanos<br>• Semana da prensa<br>• Día da poesía<br>• Semana da prensa<br>• Día do libro<br>• Xornadas de expertos<br>• Talentos<br>• Fin de curso |

## ALUMNADO NO CURSO 2024/2025, CON DATA 8 OUTONO 2024

| INFANTIL E PRIMARIA | | | |
|---|---|---|---|
| | | Alumnado | Grupos |
| Educación infantil | 1º-2º-3º | 0 | 0 |
| | 4º | 5 | 1 |
| | 5º | 12 | 1 |
| | 6º | 17 | 1 |
| Totais de educación infantil | | 34 | 3 |
| Educación primaria | 1º | 13 | 1 |
| | 2º | 25 | 1 |
| | 3º | 15 | 1 |
| | 4º | 24 | 1 |
| | 5º | 21 | 1 |
| | 6º | 27 | 2 |
| Totais de educación primaria | | 134 | 6 |
| Total xeral | | 160 | 9 |

| COMPOSICIÓN DE UNIDADES DO CENTRO | | | |
|---|---|---|---|
| | Catalogadas | En funcionamento | Diferenza |
| Educación infantil | 3 | 3 | 0 |
| Educación primaria | 6 | 7 | +1 |

## 8. Plan de actuación dos órganos colexiados

No claustro recae a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, no seu caso, decidir sbre todos os aspectos educativos do centro.

O Consello escolar é un órgano mediante o que se garante a intervención da comunidade educativa.

As convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día xunto coa documentación necesaria para a súa deliberación cando sexa posible.. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que asistan todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría. Agas neste extremo, non poderá ser, pois, obxecto de votación ningún asunto que poida xurdir no apartado de Pedimentos e Suxestións.

Na acta figurará o seguinte:

- asistentes
- a orde do día da reunión
- as circunstancias do lugar
- e o tempo no que se celebrou
- os puntos de deliberacións,
- así como ocontido dos acordos adoptados.

Por solicitude dos respectivos membros do órgano, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e o motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable.

Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcrición íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que aporte no acto, ou no prazo que sinale a persoa que o preside, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia á mesma.

A acta poderá aprobarse na mesma reunión ou na inmediata seguinte. O secretario ou secretaria elaborará a acta co visto bo do presidente ou presidenta e remitiraa a través de medios electrónicos, aos membros do órgano colexiado, que poderán

manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou reparos ao texto, a efectos da súa aprobación, considerándose, en caso afirmativo, aprobada na mesma reunión.

## ACTIVIDADES DO CLAUSTRO

Reunións e tarefas con data determinada:

| TEMPORALIZACIÓN | XUNTANZAS OU TAREFAS |
|---|---|
| **SETEMBRO** | • adscrición do profesorado.<br>• Calendario inicio de curso coa indicación do periodo de adaptacion en EI<br>• Programacións didácticas.<br>• Solicitude de días non lectivos.<br>• Solicitude de material.<br>• Plans específicos de alumnado con materias pendentes e alumnado repetidor.<br>• Solicitude de becas alumnado NEAE |
| **OUTONO** | • Informar e aportacións da P. X. A.<br>• Solicitude de días non lectivos se non se fixo en setembro<br>• DOC. |
| **XANEIRO** | • Informar o do balance económico e o presuposto. |
| **CANDEAS** | • Criterio complementario admisión .<br>• Vacantes proceso admisión alumnado. |
| **ABRIL** | • Informar sobre a matrícula do curso seguinte .<br>• Solicitudes Flexibilización. |
| **MAIO** | • Listaxes definitivas admisión alumnado.<br>• Detectar as necesidades do centro. |
| **XUÑO** | • Listaxes libros de texto.<br>• Aportacións da memoria final de curso.<br>• Reclamacións cualificacións finais. |

- Outras reunións sen data prevista.

### ACTIVIDADES DO CONSELLO ESCOLAR

- Reunións e tarefas con data determinada:
  - Relación admitidos Comedor Escolar. Setembro
  - Aprobación da Programación Xeral Anual. Outubro
  - Información Avaliación Diagnóstica. Novembro
  - Aprobación do balance económico e o presuposto Xaneiro
  - Admisión de alumnos. Abril-maio
  - Aprobación da memoria final de curso Xuño.
- Outras reunións sen data prevista.

# 9. Plan de actuación do equipo directivo

Dende o noso punto de vista, unha boa organización é aquela que acada os mellores resultados empregando da maneira máis axeitada os medios persoais e materiais dispoñibles. O director/a debe ser un constante organizador, un harmonizador de opinións, ás veces frontalmente opostas, e tamén, un estimulador do traballo en equipo.

O equipo directivo utiliza as distintas ferramentas de recollida de datos institucionais:

- XADE
- DRD
- DRDadi
- DRDorienta
- DOC
- EDUCALIDADE

e ten que **xestionar** todos estos **datos,**

- ✓ organizando as actas
- ✓ organizando os expedientes
- ✓ organizando os arquivos do centro
- ✓ analizando e trasladando a plans de acción ou de mellora.
- ✓ e custodiar e aplicar confidencialidade, se procede.

O equipo directivo analiza a realidade do centro, trata de adaptala aos tempos actuais e fai unha previsión e mirada ao futuro.

Pero o Equipo Directivo, non só xestiona os datos senon que **xestiona os recursos humanos da escola**:

- exercendo a influencia necesaria para que axude a incentivar o traballo cun obxectivo común, pensar en positivo e con ilusión,
- procurando empatía cos diferentes sectores,
- permitindo certa flexibilidade para adaptar plans e manter firmeza nas decisións adoptadas. Temos que ser perseverantes, pois a posta en marcha de certos plans precisa de tempo.
- fomentando a implicación das familias e das institucións
    - Implicar as familias a través da ANPA
    - Facer participativas ás familias nas actividdes colectivas fomentando unha actitude positia e de respecto cara a escola.
    - Involucrar ás institucións cara un bo funcionamento da escola.
- Temos que COMUNICAR OBXECTIVOS DUN XEITO ADECUADO. É fundamental a nosa tarefa de comunicación. Debemos ser quen de saber transmitir, comunicar e convencer ao grupo. Temos a capacidade de mellora contínua.

Dende o Equipo Directivo tratarase de PLANIFICAR recursos, espazos , materiais,...EXECUTAR tarefas supervisando, coordinando e tomando

decisións en determinadas accións e AVALIAR os procesos e resultados dos obxectivos propostos PERO SEMPRE SEGUINDO UNHAS LIÑAS DE TRABALLO:

- ✓ Mantendo os sinais de identidade do Centro, adaptándose ás novas situacións que se van producindo.
- ✓ Traballando en equipo, tanto dentro do equipo directivo como en todas as reunións de coordinación, reparto de tarefas,...
- ✓ Promovendo a participación da comunidade educativa.
- ✓ Potenciando a relación inter-centros.
- ✓ Apoiando iniciativas que fomenten a mellora do funcionamento do centro e que repercutan directamente no alumnado.
- ✓ Fomentando un bo clima de relacións persoais entre todos os membros da comunidade educativa.
- ✓ Analizando a realidade.
- ✓ Detectando as necesidades.
- ✓ Propoñendo alternativas e plans de mellora.
- ✓ Cumprindo a lexislación vixente.
- ✓ Exercendo autoridade, delegando e asumindo as responsabilidades.
- ✓ Avaliando e valorando os procesos e os resultados en relación aos obxectivos e aos recursos empregados.

Un dos propósitos da Dirección do Colexio é facer consciente da importancia da **avaliación interna como proceso de reflexión** que permite coñecer os seus problemas e os seus logros, propiciando o deseño de estratexias tendentes a mellorar a organización e o funcionamento do Centro Educativo que axuden á mellora da calidade do ensino. Debemos impulsar a reflexión, a crítica e a autocrítica nos axudarán a mellorar. Debemos afianzarnos no conseguido para avanzar e realizar cambios e melloras. En consecuencia, temos que considerar a avaliación como unha actividade necesaria para levar a cabo unha función directiva centrada na xestión de calidade e estar dispostos a realizala para basear nela o correspondente plan de mellora do centro, xa que a finalidade esencial de calquera avaliación é

favorecer a innovación, o cambio e a mellora. De non ser así, a avaliación non sería válida, xa que o arduo proceso que supón, é insubstancial se non provoca un cambio, e dicir, se non consegue que incrementemos o rendemento organizativo e escolar. Dependemos neste proceso:

- ✓ da participación de todos e cada un dos mestres que formamos á escola
- ✓ e da participación da administración, que é a que pon os medios para acadalo,
- ✓ e das familias que son os que poñen a base na educación dos nosos alumnos.

Procurarase que todo o profesorado da escola esté formado para poder desenvolver a súa tarefa escolar a través da aula virtual.

## 10. XORNADA ESCOLAR E HORARIOS DO CENTRO

**O CALENDARIO ESCOLAR,** quedou establecido na ORDE DO CALENDARIO ESCOLAR 2024-2025 ( DOG, 12 DE ABRIL DE 2024) pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. A nosa escola ten xornada continuada en sesión única de mañá.

Será como segue:

| HORARIO DO PROFESORADO | |
|---|---|
| HORARIO | ACTIVIDADE |
| LUNS, MARTES E VENRES | 8.55-14.00 |
| MÉRCORES E XOVES | 8.55-14.20 |
| | |
| 16.00-17.00 | ATENCIÓN ÁS FAMILIAS, TITORÍAS |
| 17.00-18.00 | XUNTANZAS DE CICLOS, DEPARTAMENTOS E EQUIPOS |
| 18.00-19.00 | XUNTANZAS XERAIS/TRABALLO INDIVIDUAL |

O profesorado permanece os mércores e xoves de 14:00a 14:20h, e tamén asiste á escola os martes de 16h ata 19h. As **entrevistas individuais** coas titoras ou mestres especialistas terán lugar os **martes**, en horario de **16 a 17 horas**. Os luns, mércores, xoves e venres o Centro permanecerá aberto de 16:00 a 18:00 horas. De 16 a 18h, un membro do Claustro do profesorado atenderá a biblioteca.

| HORARIO DO PROFESORADO | |
|---|---|
| HORARIO | ACTIVIDADE |
| LUNS, MARTES E VENRES | 8.55-14.00 |
| MÉRCORES E XOVES | 8.55-14.20 |
| | |
| 16.00-17.00 | ATENCIÓN ÁS FAMILIAS, TITORÍAS |
| 17.00-18.00 | XUNTANZAS DE DEPARTAMENTOS E EQUIPOS |
| 18.00-19.00 | XUNTANZAS XERAIS/TRABALLO INDIVIDUAL |

| HORARIO DO ALUMNADO | |
|---|---|
| HORARIO | ACTIVIDADE |
| 9.00-9.50 | PRIMEIRA SESIÓN |
| 9.50-10.40 | SEGUNDA SESIÓN |
| 10.40-11.30 | TERCEIRA SESIÓN |
| 11.30-12.00 | TEMPO DE LECER |
| 12.00-12.20 | HORA DE LER |
| 12.20-13.10 | CUARTA SESIÓN |
| 13.10-14.00 | QUINTA SESIÓN |
| 14.00-16.00 | COMEDOR |

XUNTA DE GALICIA CEIP. VIRXE DO ROCÍO CÓD. 36010009

**Horarios de oficina.**



O equipo directivo atenderá diariamente de 9,05 h. a 9,45 h. e os martes , en período lectivo, de 16:00 h. a 17:00 h.

Os horarios de alumnado e profesorado resúmense no seguinte cadro:

**HORARIO TOTAL 2024-25**

| | Mariluz 3 Anos | Olalla 4 Anos | Eva 5 Anos | Rebeca 1º | Chelo 2º | Mónica 3º | Susana 4º | Begoña 5º | Juan 6ºA | Xan 6ºB | EQ DIR |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LUNS 1º 2º 3º | Ap | | PSICO | Chelo LC | Ap Susana<br>ING | | ING | E.F. | BIBLIO<br>Mate | | X |
| LUNS 4º 5º | BIBLIO | | | E.F.<br>ING | | ING<br>E.F. | MÚSICA | MÚSICA | Le<br>Le | | Din ED<br>Din Or |
| MART 1º 2º 3º | PSICO | PSICO<br>Ap | | PLÁST | PLÁST<br>BIBL Olg | ING | Ap Olga<br>PLÁST | BIBLIO<br>Ap Mónic | ING<br>E.F. | MÚSICA<br>E.F. | S |
| MART 4º 5º | | | BIBLIO<br>Ap | MÚSICA<br>ING | MÚSICA | E.F.<br>BIBLIO | E.F. | ING | Le<br>Mate | | S+D+X |
| MÉR 1º 2º 3º | | ING | PSICO<br>Ap | | Ap Susana | TIC Mer | TIC Mer<br>ING | ING | REL/ PC | REL/ PC | D |
| MÉR 4º 5º | ING<br>Ap | Ap | | BIBL | REL/ P.C.<br>E.F. | | E.F. | | Mate<br>Mate | | |
| XOVES 1º 2º 3º | PSICO | PSICO | | TIC Mer | TIC Mer | PLÁST<br>REL/P.C. | Ap Olga | PLÁST | PLÁST | PLÁST | S |
| XOVES 4º 5º | | BIBLIO | ING | REL/ P.C.<br>E.F. | E.F | MÚSICA | REL/ P.C. | ING | Le<br>ING | BIBLIO | |
| VENR 1º 2º 3º | Ap<br>REL/ VAL | REL/ VAL | Ap<br>Ap | | | ING | BIBLIO | TIC | TIC<br>ING | TIC | X+S |
| VENR 4º 5º | | Ap<br>Ap | REL/VAL | Chelo LC | ING | | ING | E.F.<br>REL/P.C. | MÚSICA<br>E.F. | E.F. | |

ÁNGELA ANA OLGA MERCEDES JUAN REBECA XAN

## NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO:ENTRADAS E SAÍDAS

### ENTRADA DO ALUMNADO DURANTE O HORARIO ESCOLAR

- @s mestr@s estarán agrupados en quendas de vixiancia, tanto para controla-los recreos como a entrada ás aulas pola mañá.
- Habilitaranse tres portas de acceso, unha para infantil, e dúas para primaria.
- As portas de acceso ao centro abriranse ás nove en punto.
- O alumnado entrará pola porta que lle corresponde ao seu curso no horario habilitado, mantendo distanza de seguridade co resto do alumnado e do profesorado.

- As portas de entrada péchanse ás nove e dez minutos. Os alumn@s que cheguen máis tarde terán que chamar ao telefonillo e entrarán acompañad@s polo seu responsable, quen asinará o xustificante da súa chegada fóra de hora.

**SAÍDA DO ALUMNADO DURANTE O HORARIO ESCOLAR**

O alumnado só poderá abandona-lo Centro, dentro do horario escolar, co permiso do director, xefa de estudios ou titora do seu grupo e sempre que se fagan cargo deles o pai, a nai ou a persoa en quen estes deleguen. Cubrirase un impreso.

Terase en conta a INSTRUCCIÓN CONXUNTA 9/2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos, pola que se establecen recomendacións sobre a saída dos alumnos escolarizados nos centros educativos públicos da Comunidade Autónoma Galega ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar.

# 11. Quendas de vixilancia dos recreos

Dado que na plantilla de profesorado temos tres mestres compartidos con outras escolas, para atender a vixilancia dos patios e cumplir as ratios, establécense os días de patio fixos para asegurar a igualdade de quendas.

Un mestre fai a quenda de patio a diarío, é a encargada da biblioteca.

Polo antedito, cúmprense sobradamente as ratios establecidas de quendas de patios que é un mestre por cada 25 alumn@s en infantil e un para cada 50 en educación primaria. Ademáis tamén se atopa facendo quenda de patio diariamente a auxiliar coidadora do centro.

| EQUIPOS DE PATIO | | | |
|---|---|---|---|
| | EQUIPO AZUL | EQUIPO VERDE | EQUIPO AMARELO |
| ZONA INFANTIL | OLALLA<br>OLGA | MARILUZ<br>MERCE | EVA<br>OLIVIA |
| ZONA PRIMARIA | SUSANA<br>JUAN | MONICA<br>BEGOÑA | CHELO<br>REBECA |

| GARDAS DE PATIO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| NIVEL | HORARIO | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
| EDUCACIÓN INFANTIL | 11.30H | AMARELO OU AZUL | | VERDE, AZUL OU AMARELO | | |
| EDUCACIÓN PRIMARIA | 12.00H | | | | | |
| BIBLIOTECA | ANA | | | | | |

| HORA DE LER | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CURSO | HORARIO | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
| 4º EI | 12.00<br>12.20 | MARILUZ | RAFAEL | OLIVIA | MARILUZ | MARILUZ |
| 5º EI | | OLALLA | OLALLA | RAFAEL | OLALLA | OLIVIA |
| 6º EI | | RAFAEL | EVA | EVA | OLIVIA | EVA |
| 1º EP | | REBECA | REBECA | CARMEN | CARMEN | REBECA |
| 2º EP | | CHELO | CARMEN | CHELO | CHELO | CARMEN |
| 3º EP | | MÓNICA | MÓNICA | MÓNICA | ORIENTADOR/A | OLGA |
| 4º EP | | CARMEN | SUSANA | SUSANA | OLGA | SUSANA |
| 5º EP | | BEGOÑA | BEGOÑA | BEGOÑA | MERCE | MERCE |
| 6ºA EP | | OLGA | JUAN | ÁNGELA | JUAN | JUAN |
| 6ºB EP | | XAN | XAN | XAN | XAN | XAN |

## 12. Programación e calendario das reunións dos órganos de goberno e dos órganos de coordinación docente.

O equipo directivo, distribuiu ao profesorado un documento coas actividades docentes máis significativas ao longo do curso escolar e ademáis, fixo unhas plantillas de caracter trimestral coa distribución de traballo dos martes tarde para os distintos equipos. Ver da páxina 22 á 29 da presente programación xeral anual.

Debemos salientar as datas nas que haberá xuntanzas de ciclos e da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Seguindo as instruccións das Ordes nas que se establecen os currículos na educación infantil e na educación primaria, o profesorazo reaizará o seguimento das programacións nos seus grupos de alumnado,reflictindo o grao de cumprimento respecto ao planificado. Esta información será valorada e analizada polo **equipo de ciclo cunha frecuencia mínima mensual.**

Datas previstas:

| MES | DÍA |
|---|---|
| SETEMBRO | 3, 24 |
| OUTONO | 1 |
| SANTOS | 12 |
| NADAL | 10 |
| XANEIRO | 14 |
| CANDEAS | 4 |
| MARZO | 25 |
| ABRIL | 1 |
| MAIO | 6, 27 |
| XUÑO | 3 |

Seguindo as instrucións da mesma orde, a **COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA** reunirase cunha periodicidade mínima trimestral. As datas inicialmente previstas, tendo en conta os día de asistencia da orientadora á escola serán:

| TRIMESTRE | DATA |
|---|---|
| PRIMEIRO TRIMESTRE | 15 de outono |
| SEGUNDO TRIMESTRE | 21 de xaneiro |
| TERCEIRO TRIMESTRE | 29 de abril |

Os días de asistencia da orientadora do centro, os martes pola tarde serán:

| MES | DÍA |
|---|---|
| SETEMBRO | - |
| OUTONO | 1,15 |
| SANTOS | 26 |
| NADAL | 10 |
| XANEIRO | 21 |

| | |
|---|---|
| CANDEAS | 18 |
| MARZO | 18 |
| ABRIL | 29 |
| MAIO | 27 |
| XUÑO | - |

## 13. Participación do profesorado do centro en programas de innovación educativa

Cremos que a formación permanente do profesorado é fundamental e contribúe a mellora do labor docente na aula. É moi importante a formación en centros.

O equipo directivo deberá:

- Manter unha postura de apertura e colaboración co profesorado impulsando todas aquelas propostas que xurdan no centro e que teñan como fin incrementar a calidade do ensino.
- Informar de documentos, noticias,.. do seu interese.
- Facilitar a información precisa ao mesmo.
- Potenciar o traballo en equipo.
- Elaborar os horarios sengundo os criterios establecidos permitindo que se cubran substitucións e se atenda ao alumnado con necesidades de apoio educativo.
- Implicar ao profesorado en actividades e iniciativas que se poñan en marcha no centro.
- Creación de grupos de traballo,
- Facilitar a participación do profesorado nos cursos de formación organizados polo CEFORE.

| MESTRE | CURSO SOLICITADO |
|---|---|
| **ÁLVAREZ SÁNCHEZ, OLGA** | ✓ PFPP, A nova escola do Resío |
| **ARGIBAY RODRÍGUEZ, REBECA** | ✓ PFPP: A nova escola do Resío. |
| **ARNAIZ MÉNDEZ, CARMEN** | ✓ PFPP, A nova escola do Resío<br>✓ V2401001 A atención á diversidade na aprendizaxe da lectura e escritura |
| **DÍAZ PRADA, MONICA** | ✓ PFPP, A nova escola do Resío<br>✓ Competencia dixital B1 |
| **DIZ VEGA, MERCEDES** | ✓ PFPP, A nova escola do Resío |
| **FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, BEGOÑA** | ✓ PFPP, A nova escola do Resío |
| **FERNÁNDEZ PÉREZ, JUAN LUIS** | ✓ PFPP, A nova escola do Resío<br>✓ B1 INGLÉS, ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS |
| **LEÓN SOTELO, OLALLA** | ✓ PFPP, A nova escola do Resío.<br>✓ Preparación para a lectura en EI |
| **LOMBA ALONSO, XAN LOIS** | ✓ FPPP, Anova escola do Resío<br>✓ G2401008 - Actualización lingüística en inglés para profesorado con nivel B1 |
| **LORENZO SAN MARTÍN, RAFAEL** | ✓ PFPP, A nova escola do Resío<br>✓ Coordinación Edixgal |
| **MADARNÁS RODRÍGUEZ, EVA** | ✓ PFPP, A nova escola do Resío |
| **NOVOA BLANCO, ANGELA** | ✓ Xornadas Formativa sobre Biblioteca Creativa<br>✓ PFPP, A nova escola do Resío |
| **PAZ SILVA, Mª LUZ** | ✓ PFPP, A nova escola do Resío |
| **PÉREZ COMESAÑA, ANA ROSA** | ✓ PFPP, a nova escola do Resío<br>✓ Xornada de Bibliotecas Escolares de Galicia.<br>✓ Xornadas dos Clubs de Lectura. |
| **PÉREZ FALQUE, MARÍA CONSUELO** | ✓ PFPP, A nova escola do Resío<br>✓ Congreso internacional de Observa-Acción. |

| | |
|---|---|
| | ✓ Congreso para coordinadoras e coordinadores de benestar e convivencia. |
| **RODRÍGUEZ BARREIRO, OLIVIA** | ✓ PFPP, A nova escola do Resío<br>✓ Preparación para a lectura en EI<br>✓ Programación en PROENS |

EDIXGAL
EDUCACIÓN DIXITAL

Gran parte do profesorado do centro formará parte dun PFPP, titulado :

**"A nova escola do Resío"**

Este PFPP estará composto por dous seminarios de 20h cadaún, basados por unha banda, no coñecemento e funcionalidades dos novos paneis dixitais dos que contan algunha das aulas da escola, e o uso dos distintos elementos que chegarán dos POLOS CREATIVOS, todo elo beneficieando o PLAN DIXITAL DE CENTRO ; por outra banda, traballaremos con AGUEIRO, sen esquecernos da educación emocional, a aprendizaxe cooperativa e o Deseño Universal de aprendizaxe, DUA, unha formación necesaria e coa que nos comprometimos o pasado curso escolar para poder solicitar o PROGRAMA ACOMPAÑA.

Ademais de ser un centro Edixgal, temos solicitado a continuidade nos proxectos de:

- BIBLIOTECA CREATIVA
- RADIO NA ESCOLA
- LECTURA E FAMILIAS
- CLUBS DE LECTURA

## 14. Libros de texto e demais materiais curriculares establecidos no centro

No presente curso escolar, a Consellería, tendo en conta a entrada da nova lei educativa, permitiu o cambio de manuais nos cursos pares, tras ser cambiados o pasado curso escolar os dos cursos impares. Apóstase firmemente polo traballo a través do libro dixital. No quinto e sexto cursos de primaria non se utilizarán libros por ser un dos centros seleccionados pola Consellería para ser un centro Edixgal.

https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxerocio/?q=node/278




## 15. Programación anual de actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do presente curso escolar 2024-2025, planificaranse unha serie de actividades complementarias que consideramos que polo seu carácter didáctico, serán significativas na formación dos nosos alumnos e alumnas.

Tentarase que todos os niveis realicen saídas en cada un dos trimestres do curso. O alumnado deberá participar nas actividades integradas na Programación Xeral Anual cando sexan gratuitas.

Previamente á realización dunha saída didáctica comunicaráselles ás familias ou titores legais as características e custo da actividade, solicitando que asinen a correspondente autorización, cando sexa fóra da localidade, xa que para dentro da mesma, asinan ao principio do curso escolar unha autorización xeral .

Excepcionalmente, un alumno ou alumna poderá ser privado/a do dereito a realizar unha saída didáctica ou calquera outra actividade por presentar un problema de convivencia ou porque a súa participación puidese resultar perigosa para el/ela ou os seus acompañantes. Esta decisión será tomada pola Xefatura de Estudos e profesorado que interveña na actividade, comunicándolla previamente á familia. Neste caso, poderá permanecer o tempo que dure a mesma na aula do curso máis afín.

Por acordo do Claustro e do Consello Escolar, facúltase ás súas respectivas Comisións Permanentes a autorizar a inclusión neste plan básico aquelas actividades que ocasionalmente se propoñan ao longo do curso. Darase conta das mesmas nas primeiras sesións que celebren os devanditos órganos colexiados

A organización das actividades extraescolares correrá a cargo da ANPA. Realizaranse fóra do horario lectivo e a participación nelas é voluntaria.

## OBXECTIVOS

A planificación das actividades complementarias terán como finalidade:

• Contribuír á formación integral do alumnado mediante a interacción social.

• Achegar aos alumnos e alumnas ao contorno que os rodea.

• Educar no respecto ao mundo natural, social e cultural.

• Fomentar o desenvolvemento das competencias clave.

• Contribuír ao desenvolvemento de actividades do proxecto de centro.

• Desenvolver o sentido crítico e construtivo do alumnado mediante actividades

de sensibilización sobre temas relacionados coa súa idade ou curso educativo.

• Facilitar a práctica dos obxectivos traballados nas aulas.

• Fomentar a relación entre familia e colexio, potenciando a súa participación.

## CONMEMORACIÓNS E FESTAS

Organizaranse actividades para festexar datas de especial importancia que sensibilicen sobre temas de interese social, cultural e/ou ambiental, tendo en conta o tema anual deste curso "**O RESÍO, A ESCENA**".

| | |
|---|---|
| **Outubro** | - Samaín<br>- Día da biblioteca |
| **Novembro** | - Magosto<br>- Día Internacional contra a Violencia de Xénero<br>- Constitución e Estatuto de autonomía de Galicia |
| **Decembro** | - Día Internacional das Persoas con Discapacidade<br>- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos<br>- Nadal |
| **Xaneiro** | - Día Escolar da non Violencia e da Paz |
| **Febreiro** | - Día Mundial das zonas húmidas<br>- Entroido intercentros<br>- Día de Rosalía de Castro |
| **Marzo** | - Día Internacional da Muller<br>- Semana da Prensa<br>- Día Internacional de Acción polos Ríos<br>- Día da Poesía<br>- Día Internacional dos Bosques |
| **Abril** | - Semana do Libro |

| | |
|---|---|
| **Maio** | - Día das Letras Galegas e Maios<br><br>- Día Internacional contra o Acoso Escolar |
| **Xuño** | - Día Mundial do Medio Ambiente |

Na planificación anual, cada ciclo ou etapa terán en conta unha serie de actividades "fixas" que poderán ir alternando en cada curso escolar, se se considera adecuado, para que non se repitan.

## Etapa de E. Infantil

Nesta etapa solicitaranse visitas ao teatro Afundación, ao Museo Liste para realizar obradoiros de Samaín e/ou de Nadal, á Fundación Sales para realizar unha visita guiada e plantación, á Biblioteca Pública, ao Museo do Mar, así como saídas a unha granxa-escola, parques e praias da contorna.

## Etapa de E. Primaria

### 1º ciclo

Neste ciclo solicitaranse saídas ao centro interactivo Naturnova, ao teatro Afundación, á Fundación Sales, Casaplanta, ao Museo do Mar para realizar obradoiros, ao Porto de Vigo, ao Parque do Castro, praias da contorna,etc.

### 2º ciclo

Solicitaranse saídas á Biblioteca pública Juan Compañel, ao Aeroporto, ao teatro Afundación, ás instalacións de Vitrasa, ao centro interactivo Naturnova, participará no desfile infantil da Reconquista, etc.

### 3º ciclo

Solicitaranse visitas á casa do Concello, á Policía Municipal, ao Parlamento e Xunta de Galicia, ao Porto, á Vila Romana de Toralla, concertos didácticos no auditorio do Concello, ao Centro Arqueolóxico Salinae, etc. Ademais, como cada ano, solicitarase o Programa "Te lo cuentan las matemáticas" para o fomento das vocacións matemáticas, o Plan Director para a Convivencia e o Programa de prevención de drogodependencias do Concello de Vigo.

## ACTIVIDADES PROGRAMADAS NO CENTRO E SAÍDAS Á CONTORNA

A continuación, faise unha relación das actividades didácticas, xa programadas, que se realizarán dentro e fóra do centro escolar. Ademais destas, o alumnado participará en actividades como os concertos didácticos do programa Música na Escola, visitas de autores e/ou ilustradores, así como as que vaian xurdindo ao longo do curso escolar.

### Educación Infantil

- Saída " *Estudamos o outono  na contorna*"  (1º trimestre)

- Saída didáctica a Casaplanta (2º trimestre)

- Saída para ver a decoración de Nadal na contorna (1ºtrimestre)

- Actividade de Hip- Hop (data sen concretar)

- Saída para obradoiro de marisqueo. Vigopesqueiro (2ºtrimestre)

- Saída a Afundación. Teatro de monicreques "*E entón, un xardín* " (3º trimestre)

- Saída á praia de Bouzas  (xuño)

- Excursión de fin de curso á Granxa Kiriko (20 de xuño)

### Educación Primaria

### 1º ciclo

- Actividade de Bolos Celtas  ( 16 de setembro )

- Actividade de Balonmán  (30 de setembro)

- Saída " *Estudamos o outono  na contorna*" (1º trimestre)

- Saída a Afundación. Obra de Teatro " *Ninja* "  (1º trimestre)

- Saída ao Museo do Mar (2º trimestre)

- Saída a VigoNature (2º trimestre)

- Participación no programa XOGADE: Cross, Atletismo, Hip-Hop... (datas sen concretar)

- Saída para obradoiro de marisqueo. Vigopesqueiro (3ºtrimestre)

- Saída pola senda do Río Lagares ( 3º trimestre)

- Saída á praia de Bouzas  (xuño)

## 2º ciclo

- Actividade de Bolos Celtas. XOGADE ( 16 e 17 de setembro)

- Actividade de Balonmán  (2 de outubro)

- Saída á Biblioteca Neira Vilas  ( 16 de decembro)

- Saída a Afundación. *" RRRedobra. A sinfonía do cambio "*, Odaiko P. G. ( 2º trimestre)

- Participación no programa XOGADE: Cross, Atletismo, Hip-Hop... (datas sen concretar)

- Obradoiros de percusión. Concello Vigo  (marzo)

- Saída ao Desfile Infantil da Reconquista (marzo)

## 3º ciclo

- Actividade de Bolos Celtas  ( 16 e 17 de setembro)

- Asistencia  á actuación do Teatro Gorrilla sobre educación afectivo-emocional  (27 de setembro)

- Actividade de Balonmán  ( 4 de outubro )

- Visita ao Parlamento de Galicia  (data sen concretar)

- Participación no programa XOGADE: Cross, Atletismo, Hip-Hop... (datas sen concretar)

- Saída a Afundación. Teatro en inglés *"My funny Frankenstein"* ( 2ºtrimestre)

- Asistencia ás Xornadas de Teatro Municipais.

- Programa "Te lo cuentan las matemáticas" da Universidade de Vigo: encontros,

  obradoiros tecnolóxicos e manipulativos  (datas por concretar)

- Actividade formativa do Plan Director para a convivencia. Charla formativa da Policía  Nacional sobre acoso e ciberacoso (data por concretar)

- Visita ao Festival de Títeres de Redondela.

- Participación no programa municipal de educación emocional "Máis que un teito".

- Asistencia a unha representación musical de ópera e zarzuela.

- Saída á XXI Edición do Correlingua.

- Participación no programa "Atrévete" coa visita ao CIFP Audiovisual de Bouzas e participación no concurso "Atrévete a tener una idea".

- Visita ao IES Alexandre Bóveda, para 6º de E.P. (xuño)

- Campamento de fin de Primaria á Illa de Ons para 6º E.P. (4, 5 e 6 de xuño)

Tentarase facer actividade intercentros favorecendo o desenvolvemento do proxecto documental integrado do centro pero neste intre non puidemos establecer contacto cos posibles centros escolares.

## 16. Plan de autoprotección / modificacións/ a observación de que segue vixente

O Plan de Evacuación de Centro consiste nunhas instrucións prácticas e sinxelas que sirvan de guía de actuación da Comunidade Escolar ante unha eventual emerxencia que se dea nos edificios escolares e sen contar con axuda do exterior, posto que no caso de producirse esta situación, ten que actuarse nos primeiros momentos, antes de que cheguen os servizos de protección.

Consideramos situación de emerxencia aquela que se produce por un incendio, aviso de colocación dunha bomba, fuga de gas, inundación, explosión, ou calquera outro tipo de alarma que xustifique a evacuación rápida do mesmo.

Este plan, foi aprobado hai varios cursos e aínda non puido ser posto en práctica polas condicións actuais da nosa escola. Esperamos que dunha vez por todas poidamos levar a cabo un simulacro. O grupo de traballo que asignará as funcións oportunas, é o que segue:

| | |
|---|---|
| **DIRECTORA** | **ANGELA NOVOA BLANCO** |
| **MESTRA** | CONSUELO PÉREZ FALQUE |
| **MESTRA** | MERCEDES DIZ VEGA |
| **PAI/NAI** | SABELA FORNEIRO |

## 17. Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente

A escola conta coa figura do porteiro vixilante. É un recurso fundamental da escola, que permite arranxar os pequenos problemas que xorden no día a día e manter no día a día a escola.

## 18. Horario de atención ao público

O equipo directivo atenderá diariamente de 9,10 h. a 9,45 h. e os martes, en período lectivo, de 16:00 h. a 17:00 h.

## 19. Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coa familia

Cada grupo de alumnos/as pertencentes a un curso estará a cargo dun profesor titor, o cal desempeñará as seguintes funcións:

- Promover a educación integral dos alumnos/as de acordo co programa sinalado para o nivel, tendo en conta o entorno sociocultural do colexio.
- Coordinar a realización de actividades, tanto docentes como complementarias, cos profesores que teñan función docente co seu grupo de alumnos.
- Coñece-los intereses e o grao de integración do seu grupo de alumnos.

- Informar, orientar e asesorar ó alumno sobre a súa evolución escolar.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as, adoptando as decisións que procedan na súa promoción, previa audiencia dos pais/nais.
- Controlar a falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos/as, e ter informados ós pais/nais ou titores e ó xefe de estudios.
- Cumprimentar as actas e boletíns de avaliación e dar conta ós pais dos resultados do alumno/a.
- Celebrar entrevistas individuais ou reunións conxuntas cos pais dos alumnos, sempre que o estime oportuno.
- Estar a disposición dos pais/nais o día sinalado para este fin.
- Atender a tódalas reclamacións tanto dos outros profesores, coma dos alumnos e tomar medidas para a súa solución.
- Comunicarlle ó xefe de estudios ou director todos aqueles problemas que considere necesario.
- Controlar os expedientes académicos dos seus alumnos ó comezo do curso e telos debidamente cumprimentados e actualizados.
- Os titores deberán ter unha xuntanza presencial con tódolos pais da súa titoría antes do comezo de curso, que servirá de presentación dos mesmos e informar das normas da escola por mor da pandemia e tamén será útil para un cambio de impresións do que se pretende sexa a boa marcha do curso escolar.
- Reunións trimestrais presenciais.
- Os días destinados para titorías de pais serán os MARTES de 16 a 17h.

O claustro e o equipo directivo do centro, consideran imprescindibles as labores de acción titorial xa que contribúe a unha formación integral da persoa.
Os titores informarán aos pais sobre aspectos da vida do centro docente, e en especial destacar aspectos relevantes do plan de convivencia.

O centro educativo sempre tivo como criterio ofrecer o máximo de posibilidades que nos permite, polo que a nosa oferta educativa comeza xa as 07:30h, coa aula matinal

para facilitar ás familias a conciliación da vida familiar e laboral. Este servizo está ofertado pola ANPA, ao igual que as actividades extraescolares.

A nosa escola, realiza saídas, actividades artísticas, literarias, deportivas, musicais, exposicións, teatro, … en definitiva actividades complementarias.

Estas actividades cos seus respectivos protocolos e plans de actuación foron aprobados xa en consello escolar antes de iniciar as mesmas. Nós, dende a dirección, animamos ás familias a continuar formando parte da ANPA, xa que colabora constantemente cos docentes para poder levar a cabo moitos proxectos, que sen a súa colaboración e axuda non poderían ser levados a cabo.

## PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ANPA OS IRMANDIÑOS.

O Anpa Os Irmandiños, pertencente ao CEIP Virxe do Rocío, presenta este Plan de Actividades , que se levarán a cabo dende o mes de outubro de 2024 ata o mes de maio de 2025, ambos inclusive.

Actividades extraescolares

- ☐ FÚTBOL SALA. LUNS 16:00/17:00. 6º de infantil e primaria. 16€
- ☐ DEBUXO E PINTURA. MARTES 16:00/17:15. Infantil, 1º e 2º Primaria. 25€. Material incluido
- ☐ BAILE. MARTES 16:00/17:00. Infantil e Primaria. 16€
- ☐ BALONCESTO. MARTES 16:00/17:00. 3º, 4º 5º e 6º Primaria. 60€ todo o curso escolar
- ☐ BALONCESTO. MÉRCORES 16:00/17:00. 5º e 6º Infantil e 1º e 2º de Primaria. 60€ todo o curso
- ☐ PATINAXE. MÉRCORES 16:00/17:00. Infantil e Primaria. 16€
- ☐ TAEKWONDO. XOVES 16:00/17:00. Infantil e Primaria. 16€
- ☐ FÚTBOL GAÉLICO. XOVES 16:00/17:00. 3º, 4º, 5º e 6º Primaria. e exalumn@s. 10€
- ☐ DEBUXO E PINTURA. VENRES 16:00/17:15. 3º, 4º, 5º e 6º Primaria. 25€ Material incluido
- ☐ PILATES. LUNS 16:00/17:00. Nais e pais. 16€

INSCRICIÓN ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2024/2025

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|
| | DEBUXO E PINTURA<br>Infantil<br>1º e 2º Primaria<br>25 €<br>16:00/17:15 | | | DEBUXO E PINTURA<br>3º, 4º 5º e 6º Primaria<br>25 €<br>16:00/17:15 |
| PILATES<br>Nais e Pais<br>16 €<br>16:00/17:00 | BAILE<br>Infantil e Primaria<br>16 €<br>16:00/17:00 | BALONCESTO<br>5º e 6º Infantil<br>1ºe 2º Primaria<br>60 € Todo o curso escolar incluido xuño.<br>16:00/17:00 | TAEKWONDO<br>Infantil e Primaria<br>16 €<br>16:00/17:00 | |
| FÚTBOL SALA<br>6º de infantil e Primaria<br>16 €<br>16:00/17:00 | BALONCESTO<br>3º, 4º 5º e 6º Primaria<br>60 € Todo o curso escolar incluido xuño.<br>16:00/17:00 | PATINAXE<br>Infantil e Primaria<br>16 €<br>16:00/17:00 | FÚTBOL GAÉLICO<br>3º, 4º 5º e 6º Primaria<br>e exalumno/as<br>10 €<br>16:00/17:00 | |

Estas actividades poderán cambiarse ou incrementarse por outras, estamos a espera da inscrición de máis alumnado.

Os responsables do alumnado, non poderán acceder ao recinto durante a celebración da actividade.

Ademais das Actividades Extraescolares o ANPA organiza para facilitar a conciliación familiar "Aula Matinal".

Este servizo funciona dende ás 7.30h da mañá ata ás 9.00h, no comedor do centro. Para levalo a cabo cóntase con monitores da empresa Mediterránea.

Dende a escola procuraremos:

- Obter información do desenvolvemento da mesma.
- Informar das incidencias e imprevistos.

- Colaborar e facilitar o seu desenvolvemento.
- Asegurar os recursos espaciais, materiais e humanos precisos para un bo desenvolvemento.

As familias son moi importantes. Lograr e manter a implicación dos pais na educación dos seus fillos e unha das tarefas máis importantes que temos na escola de hoxe en día.

Xa o primeiro día do curso escolar, aproveitanse as xuntanzas iniciais para sensibilizar ás familias sobre a importancia de manterse en estreito contacto coa escola e de facer un seguimento diario do traballo dos seus fillos e fillas.

Ademais aproveitase para invitar ás familias a formar parte da ANPA, e indícaselles que é un xeito moi importante de participar na vida educativa dos seus fillos.

Ademais, infórmáselles que se terán titorías con elas os martes pola tarde en horario de atención a pais, e de non ser posible, facilitaráselle outra hora.

A finais de trimestre valoraranse os resultados e proporanse as medidas necesarias.

## 20. Plan de transporte escolar

Basease na **INSTRUCIÓN 1/2024 de transporte de escolares**.

Normativa aplicable:

- Decreto 203/1986, do 12 de xuño (DOG do 09.07.1986),
- Decreto 160/1988 (DOG do 27.06.1988), Orde do 1 de marzo de 1991 (DOG do 14.03.1991),
- Orde do 29 de xullo de1988 (DOG do 01.09.1988),
- Decreto30/2007, do 15 de marzo (DOG do 16.03.2007) e
- Orde do 17 de marzo de 2007 (DOG do19.03.2007).

O transporte escolar, nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, está considerado como un

**servizo educativo de carácter complementario** destinado fundamentalmente a garantir e facilitar o acceso á educación obrigatoria, constituindo un importante factor da súa calidade.

O transporte escolar é un servizo gratuito do que dispón a nosa escola. O encargado do mesmo é a Xunta de Galicia que é quen adxudica a empresa que presta os servizos. Neste intre a empresa encargada é *Rias Baixas.*

No autobús escolar viaxa unha persoa acompañante, adulta, que é quen regula a orde. O presente curso escolar, os postos son fixos, e os irmáns viaxarán xuntos. O/a acompañante escolar é a persoa encargada do coidado dos menores durante o transporte e as operacións de acceso e abandono do vehículo, así como, no seu caso, da recollida e acompañamento d@s alumn@s dendeo autobús ata o interior do recinto escolar. A presenza da persoa acompañante é obrigatoria.

Ten dereito ao transporte escolar gratuíto o alumnado cuxos domicilios se encontren fóra do núcleo urbano no que se atopa o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km.

Para poder ser usuario do servizo o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a distribución das áreas de influencia establecida ou, por así determinarlo, unha resolución de escolarización obrigatoria.



O **transporte escolar** chega ás 9.00h. e marcha ás 15.30h

A ruta actual é a seguinte:

IDA:

| PARADA | KM | Luns a Venres LECTIVOS | COORDENADAS | NOME PARADAS | Nº NENOS |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 0,00 | 8:00 | 42.22256, -8.73213 | R/ LÓPEZ MORA, Nº 84 (PARADA BUS) | 1 |
| 2 | 0,65 | 8:10 | 42.224434, -8.736093 | PRAZA DA INDUSTRIA | 2 |
| 3 | 0,90 | - | 42.21718, -8.732528 | R/ CASTRELOS, 54 (ESTANCO) | 0 |
| 4 | 0,14 | - | 42.215947, -8.732391 | R/ CASTRELOS, 116 | 0 |
| 5 | 0,35 | 8:17 | 42.213033, -8.732159 | R/ CASTRELOS, 184 (Río) | 2 |
| 6 | 1,00 | - | 42.211574, -8.733733 | AV. DEL ALCALDE PORTANET, Nº3 | 0 |
| 7 | 0,90 | - | 42.213349, -8.739050 | R/ EUGENIO KRAF, Nº 33 | 0 |
| 8 | 0,40 | 8:21 | 42.214813, -8.741544 | AVDA. FLORIDA Nº 56 (Supermercado Froiz) | 2 |
| 9 | 0,24 | - | 42.213352, -8.743511 | R/ FLORIDA, Nº 143 (Fronte elefante azul) | 0 |
| 10 | 0,65 | 8:25 | 42.211847, -8.749815 | R/ PADRE SEIJAS, Nº 32 | 2 |
| 11 | 0,65 | - | 42.216689, -8.753902 | R/ PORRIÑO, Nº 2 | 0 |
| 12 | 0,55 | 8:30 | 42.215615, -8.748988 | R/ BAIONA (Parada-bus) | 2 |
| 13 | 2,60 | 8:40 | 42.213230, -8.755437 | R/ TEIXUGUEIRAS, 14 | 14 |
| 14 | 0,13 | 8:42 | 42.212185, -8.754970 | R/ TEIXUGUEIRAS, 16 | 4 |
| 15 | 0,23 | 8:44 | 42.210223, -8.755002 | R/ TEIXUGUEIRAS, 22 | 6 |
| 16 | 0,21 | 8:48 | 42.209106, -8.757071 | R/ TEIXUGUEIRAS, 28 (Farmacia) | 2 |
| 17 | 0,21 | 8:50 | 42.207695, -8.758724 | R/ TEIXUGUEIRAS, 34 | 11 |
| 18 | 1,20 | - | 42.209243, -8.764069 | CRUCE R/ XUNCAL CON R/ SAN PAIO | 0 |
| 19 | 0,35 | - | 42.211473, -8.761349 | R/ SAN PAIO, Nº 90 | 0 |
| 20 | 1,60 | 8:53 | 42.222398, -8.757223 | AV. ATLANTIDA, 25 (Autoescuela) | 2 |
| 21 | 0,65 | | 42.221814, -8.752211 | R/ ROCIO | 0 |
| **22** | **0,26** | **8:58** | 42.220094, -8.751694 | **CEIP VIRXE DO ROCIO** | **50** |
| | 13,87 | | | | |

VOLTA:

| PARADA | KM (13,87) | Luns a Venres LECTIVOS | COORDENADAS | NOME PARADAS | Nº NENOS |
|---|---|---|---|---|---|
| **1** | **0,0** | **15:30** | 42.220094, -8.751694 | **CEIP VIRXE DO ROCIO** | **37** |
| 2 | 1,4 | - | 42.221746, -8.753146 | R/ TOMAS PAREDES, Nº 1 | 0 |
| 3 | 2,0 | 15:40 | 42.222398, -8.757223 | AV. ATLÁNTIDA, Nº 52 (Frente Autoescuela) | 2 |
| 4 | 3,5 | - | 42.211473, -8.761349 | R/ SAN PAIO, Nº 90 | 0 |
| 5 | 3,8 | 15:45 | 42.209243, -8.764069 | CRUCE R/ XUNCAL CON R/ SAN PAIO | 1 |
| 6 | 5,4 | 15:50 | 42.213230, -8.755437 | R/ TEIXUGUEIRAS, 14 | 14 |
| 7 | 6,1 | 15:52 | 42.212185, -8.754970 | R/ TEIXUGUEIRAS, 16 | 4 |
| 8 | 6,4 | 15:54 | 42.212093, -8.754752 | R/ TEIXUGUEIRAS, 19 (Parada bus vitrasa) | 6 |
| 9 | 7,4 | - | 42.214071, -8.751988 | R/ PORRIÑO, Nº 7 | 0 |
| 10 | 7,8 | 15:58 | 42.215615, -8.748988 | R/ BAIONA (Parada-bus) | 1 |
| 11 | 8,8 | - | 42.211847, -8.749815 | R/ PADRE SEIJAS, 32 | 0 |
| 12 | 9,4 | - | 42.213192, -8.743801 | R/ FLORIDA, 143 (Fronte elefante azul) | 0 |
| 13 | 10,0 | 16:00 | 42.213767, -8.741103 | R/ MANUEL DE CASTRO (Parada-bus) | 1 |
| 14 | 10,7 | 16:02 | 42.212837, -8.737090 | R/ BALAIDOS, 69 (Supermercado Familia) | 1 |
| 15 | 11,0 | 16:04 | 42.213077, -8.733477 | R/ BALAIDOS, Nº 9 (Supermercado Día) | 2 |
| 16 | 11,2 | 16:07 | 42.213033, -8.732159 | R/ CASTRELOS, Nº 184 (Río) | 2 |
| 17 | 11,6 | - | 42.211583, -8.736130 | R/ PORTANET (PARADA VITRASA) | 0 |
| 18 | 12,1 | - | 42.213767, -8.737528 | R/ FRAGOSO Nº 97 (Bodia) | 0 |
| 19 | 12,5 | 16:15 | 42.216739, -8.734870 | R/ FRAGOSO Nº 53 (Mesón) | 1 |
| 20 | 12,8 | - | 42.219426, -8.733390 | C/ FRAGOSO, Nº 17 (Bar Chivito) | 0 |
| 21 | 13,6 | 16:25 | 42.224434, -8.736093 | PRAZA DE EUGENIO FADRIQUE (Parada-bus) | 2 |

Indicar que a primeira parada foi modificada, admitíndose a de Pi y Margall nº 108, onde suben catro rapaces.

O cartaz da ruta é o que segue:




## 21. Regulamento da organización do comedor

O Comedor Escolar é un **servizo educativo complementario** que contribúe á organización da vida familiar.

A xestión do Servizo correspóndelle á **XUNTA DE GALICIA** e lévase na modalidade de xestión indirecta. Unha empresa elabora as comidas nas súas propias instalacións e fainas chegar ao Centro diariamente. Para o presente curso escolar, a empresa encargada do servizo continúa a ser **MEDITERRÁNEA.**



A prestación do servizo de comedor coincide co calendario lectivo do alumnado, en horario de 14.00 a 16.00 horas. Inclúe os servizos de xantar e atención aos usuari@s nos períodos de lecer anterior e posterior ao mesmo.

No actual curso escolar ofértanse 128 prazas de comensais.

A dirección do Centro continúa a ser a responsable deste servizo e, por iso, para calquera comunicación relativa a baixas, altas, dietas... dos comensais deberán dirixirse aos membros do Equipo Directivo, enviando un whatsApp ao móbil da escola 658 715 569. Estes avisos deben ser feitos antes das 9:30 do día correspondente.

Así mesmo lembrámoslles que a hora de recollida do alumnado de comedor será ás ás 15:30h ou á hora do seu remate ás 15:45 h, sempre indicándoo previamente e sen modificacións constantes.

## NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA TOD@S @S USUARI@ DO COMEDOR ESCOLAR

- É de obrigado cumprimento a asistencia tódolos días que figuran na solicitude.
- A dirección do Centro continúa a ser a responsable deste servizo e, por iso, para calquera comunicación relativa a baixas, altas, dietas... dos comensais deberán enviarun whatsApp ao móbil da escola 658 715 569.
- Estes avisos deben ser feitos con antelación ao día correspondente ou antes das 09:30 do día efectivo de ausencia.
- Estas ausencias serán por razóns de saúde e deberán entregar xustificante en canto o usuario/a se reincorpore ao comedor.
- O servizo de comedor remata as 16.00 horas. A partir desta hora, pais, nais ou representantes legais faranse cargo dos comensais.
- Establécense dúas quendas de saída:
  - Ás 15.30h. coincidindo coa saída do bus escolar.
  - A partires das 15.45h, e ata ás 16h. momento no que remata o servizo de comedor.

- Os alumn@s, do quinto e sexto curso de primaria, que marchen sós deberán contar coa correspondente autorización asinada.
- Pequenas faltas acumuladas constitúen falta grave. As faltas graves serán rexistradas polo persoal de atención e trasladadas á persoa responsable de comedor, quen dará trámite á comisión de seguimento do servizo e iniciará as medidas convenientes.
- As condicións especiais dos comensais especificaranse expresamente nas solicitudes de praza.
- No caso de dietas especiais deberá presentarse certificado médico no que se especifique o tipo de dieta necesaria (celíaca, sen lactosa,...).
- No caso de dietas complicadas os pais poderán pórse en contacto directamente coa persoa responsable do comedor para informarse ou pedir unha rectificación do menú.
- Os alumn@s que non asistan ás clases non poderán facer uso do Servizo de Comedor.
- En ningún caso se administrarán medicamentos aos nen@s que asisten ao Comedor. Igualmente, nunca deben entregar medicamentos aos nen@s. En caso necesario, arbitrarase o xeito de que os pais ou titores do alumn@ poidan acceder ao Centro para administrarlles os medicamentos. Para iso deberán poñerse en contacto coa Dirección.
- O menú diario publicarase na web da escola. Esta información facilitará ás familias a preparación da dieta completa dos seus fill@s, complementando no resto de comidas o inxerido no Comedor.
- Todos os alumnos deben respectar as Normas de Funcionamento e de Convivencia do Comedor: aseo, entrada ao Comedor, conduta e hábitos de comida.
- O incumprimento por parte dos alumnos das Normas de Funcionamento e de Convivencia do Comedor, así como o non pagamento das mensualidades, pode chegar a supoñer a baixa no Servizo de Comedor de forma temporal ou definitiva.

- Para calquera tema relacionado co Comedor, deben dirixirse á Dirección do Centro.
- É obrigatorio cumplir as normas xerais establecidas no NOFC no relativo ao Comedor escolar. No caso de que se incumplan por parte dalgunha familia, poñeremolo en coñecemento do Organismo competente.

## 22. Plan de utilización das instalacións do centro

Seguese a normativa vixente. Previa solicitude por escrito dirixida á dirección do centro, elevarase a proposta ao Consello Escolar e solicitarase a súa utilización ao Concello e a Xefatura Provincial. É mester a seguinte documentación:

- Seguro de responsabilidade civil actualizado.
- Xustificante de estar ao día do pago.
- Solicitude por escrito.

## 23. Plan de actividades propostas pola ANPA

**AULA MATINAL**

El Aula Matinal funciona dende las 7:30 ata as 9 da mañá. Estará en servicio tódolos días lectivos.

As actividades programadas son:

- ✓ Recepción e coidado na aula.
- ✓ Realización de actividades lúdicas.
- ✓ Descanso.
- ✓ Acompañamento dos alumnos ás súas respectivas aulas.

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

Ver p.87

## 24. Plan xeral de avaliación do centro

Terase en conta a ORDE a do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa maila Orde 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa (DOG 13 de xuño de 2023).

A finalidade será propicia-la reflexión e toma de decisións que permitan a mellora da calidade educativa do centro.

Para logralo, basearémonos:

a)Nas programacións didácticas.

b)Na metodoloxía docente.

c)Na avaliación do alumnado.

d)No clima escolar e de aula.

e)Nos resultados académicos.

f)Nos resultados da Avaliación Individualizada.

Segundo as indicacións das Ordes anteriormente mencionada, a avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino aprendizaxe do alumnado tanto no ámbito individual como no colectivo.

A avaliación será global, contínua e formativa. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas da etapa serán os criterios de avaliación que figuran para cada unha das áreas no anexo II do Decreto 150/2022, do 8 de setembro.

O longo do curso 2024/2025, realizaranse sesións de avaliación onde o equipo docente analizará o proceso de aprendizaxe de cada alumn@, así como de tomar as decisións que adapten a intervención educativa ás características individuais do alumnado e a do grupo de referencia.

Ao longo do curso levarase a cabo unha sesión de avaliación inicial, tres sesións de avaliación parcial e unha sesión de avaliación final. Estas sesións serán coordinadas polo titor/@ do grupo. O profesorado especialista en pedagoxía terapeútica, en audición e linguaxe, así como outro profesorao que realice funcións de apoio, asistirá ás sesións de avaliación o alumnado que atende, con voz e sen voto.

Nas sesións de avaliación contarase co asesoramento da Xefatura do Departamento de Orientación e co apoio do Equipo Directivo.

Na sesión de avaliación inicial recollerase e analizaranse os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante de que se dispoña. Nesta sesión adoptaranse, de xeito coordinado , aquelas medidas de apoio e reforzo que se consideren oportunas.

Para a avaliación promoverase o uso xeneralizado de técnicas e instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás diversas situacións de aprendizaxe, para unha avaliación obxectiva do alumnado.

Se en calquera momento se detectase que o progreso dun alumnos ou alumnas non é o axeitado, estableceranse as medidas mais adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo.

As familias recibirán, durante o presente curso, información sobre as cualificacións dos seus fillos e fillas nun informe que analizará os progresos realizados polos

rapaces e incluirá as cualificación de cada área; nunha xuntanza individualizada e a través do Abalar móbil nas seguintes datas:

| AVALIACIÓN | DATA | ENTREGA DE BOLETÍNS |
|---|---|---|
| **AVALIACIÓN INICIAL** | **1 de OUTUBRO, 3°, 4° 5°° E 6° EP**<br>**8 DE OUTUBRO, 1° E 2° EP**<br>**e 15 de OUTUBRO , E.I.** | **NON SE FAI ENTREGA** |
| **1ª AVALIACIÓN** | **3 e 10 de DECEMBRO** | **17 de DECEMBRO** |
| **2ª AVALIACIÓN** | **11 e 18 de MARZO** | **25 de MARZO** |
| **3ª AVALIACIÓN** | **10 E 17 de XUÑO** | **25 de XUÑO** |
| **AVALIACIÓN FINAL** | **23 e 24 de XUÑO** | **25 de XUÑO** |

Na avaliación, terase en conta os criterios de avaliación mencionados en cada programación nas que se fai unha valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas en cada unidade e os instrumentos utilizados para a súa valoración maila ponderación de cada unha das avaliacións.

O alumno que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase no curso anterior.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase como unha medida de carácter excepcional e tomarase, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular. O equipo docente elaborará, baixo a coordinación do profesorado titor, un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondientes.

Para a elaboración e o seguiento do dito **plan específico de reforzo seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.**

Pero non todo debe quedar na avaliación do alumnado, a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente tamén resulta fundamental. A finalidade é analizar sse a intervención educativa que ten lugar nas aulas está adaptada ás características e necesidades do alumnado.

Analizarase tamén:

- A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.
- A metodoloxía empregada
- A organización da aula,
- As medidas de atención á diversidade.
- O clima de traballo na aula.
- A coordinación co resto do equipo docente.

## GUÍA DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA.

Existen plans de mellora externos á escola tralas pertinentes convocatorias da Consellería nos que participamos: Contratos Programa, Proa+, Programa Acompaña, Plambe, Plan Proxecta, Edixgal, PFPP,...

## Outros aspectos que se inclúen:

***Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.***

## 25. Programas e plans anuais de lectura (tendo como referente o proxecto lector do centro, terase en conta as Instruccións do 1 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Centros e recursos humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares durante o curso 2021/2022).

**PLAN LECTOR. CURSO 2024-25**

# O RESÍO, A ESCENA!

Despois de varios anos cos pés pegados ao chan, imos deixar voar a nosa imaxinación e creatividade. Con O RESÍO, A ESCENA! achegaremos á Comunidade Escolar ao mundo das Artes Escénicas: dende os títeres ata a danza, pasando pola ópera e o musical, percorreremos o patio de butacas ata mergullarnos nas súas entrañas.

Durante o curso 24-25 pretendemos facer que o noso alumnado goce coa palabra, o son e a expresión corporal potenciando o seu desenvolvemento físico, intelectual, social e emocional, coñecendo así infinitas posibilidades de ocio e socialización sen a

necesidade de pantallas. Buscamos tamén unha alfabetización artística, que o alumnado comprenda e aprecie as obras artísticas nas suas diversas dimensións como espectadores capacitados críticos e conscientes. Seguiremos traballando os ODS, en especial o 1, 3, 4, 5, 8, 10,11, 16 e 17. "As Artes escénicas son un elemento comunicativo fundamental para transmitir os ODS e a capacidade de achegarse ao intanxible". (Mariano de Paco)

As Artes escénicas son o reflexo do que acontece na sociedade; paz, igualdade, ecoloxía, inclusión e diversidade serán piares no desenvolvemento do noso PDI.

## 1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN:

Elaboraremos o Horario de usuarios dos diferentes cursos e do traballo técnico, tendo en conta os horarios de uso da aula STEAM, pois son dúas aulas que están en contacto e, polo tant,o poden sumar os seus recursos. Cada grupo, incluído EI, ten unha sesión semanal dentro da biblioteca e outra na aula Steam. Ademais, o alumnado de EP pode entrar libremente durante os recreos, xa sexa para lectura en sala, uso dos computadores, xogos de mesa ou realizar empréstitos.

- ✓ Seguir explorando as posibilidades do Koha para sacarlle o maior partido tanto por parte do profesorado como do alumnado (buscas, estatísticas…)
- ✓ Actualizar as fotografías de todxs @s usuarixs en Koha.
- ✓ Entrega de carnés, pasaportes lectores e guía de uso aos novos usuarios.
- ✓ Entrega de mochilas lectoras a todos os cursos.
- ✓ Seguiremos coa apertura da Biblioteca en horario de tarde de 4 a 6, coa colaboración dalgunha nai/pai os martes pola tarde.
- ✓ Selección das posibles lecturas do itinerario lector de cada curso para que o profesorado realice a súa escolla.
- ✓ Xestionar as visitas de autores / ilustradores das lecturas de aula.
- ✓ Xestionar os Clubs de Lectura.
- ✓ Crear un espazo para contacontos e pequenas representacións no exterior da biblioteca para usar nos recreos.
- ✓ Seguir no esforzo en equilibrar os fondos de información en galego cos de castelán, recursos multimedia e informáticos.

- ✓ Ampliar e mercar un expositor novo para o recanto de autoempréstito de adultos: Non Podes Pasar De Lelo.
- ✓ Adquirir novos materiais para o RECUNCHO FEDELLEIRO e formar aos novxs axudantes voluntarixs para o seu control durante os recreos.
- ✓ Facer empréstitos da Plataforma E-LBE.2 nos dispositivos que temos na escola para tal fin e así acostumar ao alumnado á lectura en soportes diversos.
- ✓ Seleccionar e mercar os materiais e apps que faciliten o traballo do Plan anual.
- ✓ Continuar actualizando o blogue de Picolindo.
- ✓ Seguir co programa de reunións das persoas implicadas na biblioteca cun mínimo dunha reunión mensual de todo o Equipo de biblioteca para repartir tarefas e consensuar ideas e necesidades; unha hora semanal de traballo técnico conxunto das persoas responsables que teñen asignado tempo no seu horario e tamén unha reunión ao mes da encargada da Biblioteca co Equipo de colaboradores asignando funcións concretas ás persoas.
- ✓ Establecer un calendario con datas concretas para os diferentes eventos: Mes do Cine, Semana Familiar, A noite da Gimkana de Contos en Pixama, Búscanse Talentos, Obradoiros varios relacionados co tema PDI...
- ✓ Controlar o horario  dos contacontos polas tardes ou nas horas de ler por parte das familias e do alumnado.
- ✓ Organizar o sistema de quendas entre os alumnos axudantes da biblioteca e usuarios do comedor para ter control do "Recuncho Comelibros" do comedor e renovar parte destes fondos.
- ✓ Distribución de tarefas concretas entre as persoas do equipo Biblioteca-Tic en función do tempo dispoñible.

## 2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA. INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á

## ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO

A biblioteca achegará recursos versión papel, dixitais e multimedia e suxerirá actividades para a elaboración dos diversos Proxectos Documentais que se farán durante o curso encamiñados ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado. Aquí terase en conta, tanto a busca da información, como o procesado e a presentación dos traballos, cara ao achegamento aos distintos soportes documentais.

Con respecto ao PDI do Plan Anual, a biblioteca colaborará na súa integración no currículo; así será un proxecto interdisciplinar programado verticalmente para ser levado a cabo por todo o alumnado da nosa escola. Versará sobre as Artes Escénicas. Cada aula mergullarase nunha delas a fondo: creación, produción, posta en escena, ensaios, vestiario ... para no mes de maio amosarnos os resultados das súas pescudas nas Xornadas de Expertos.

O desenvolvemento das actividades levarase a cabo nas aulas de titoría, apoiadas dende as aulas de educación musical (xéneros musicais: zarzuela, ópera, teatro musical...; bandas sonoras, efectos sonoros e danza tanto clásica, como moderna, contemporánea, tradicional ou urbana), educación plástica (clave na creación de decorados, vestiario, monicreques ou maquillaxe, xogos de luz escénica, atrezzo); en todo momento o laboratorio das artes procurará empregar materiais de refugallo seguindo as directrices Dos obxectivos 2030). A aula STEAM e a biblioteca do centro (proverán os libros e Apps necesarios para as investigacións e creacións, así como o apoio para a presentación dos traballos en distintos soportes), Linguas (Adquisición do vocabulario básico das Artes Escénicas, creación de pequenas obras para seren representadas, achegamento ás coplas da tradición oral galega (aproveitando o recoñecemento para o día das Letras Galegas): Métrica, vocabulario, temas recurrentes, musicalidade...), Matemáticas (cálculos de proporcións, aforos, presupostos, medidas de teas...). A metodoloxía será inclusiva, activa e participativa co alumnado como principal protagonista na toma de decisións. Terán que colaborar

na elección da parte do proxecto a estudar, na publicidade das tarefas desenvoltas, creación de vídeos e podcasts…

No desenvolvemento deste proxecto vinculado ao PDI integraremos todas as competencias clave nas diferentes actividades e tarefas que levemos a cabo. Traballaremos a competencia na Comunicación Lingüística (CCL), fomentando a expresión oral a través das exposicións dos diferentes proxectos, comprensión lectora mediante a busca de información… O alumnado terá que planificar, intercambiar opinións cos compañeiros, negociar, ensaiar… Tamén buscamos o desenvolvemento da competencia matemática e competencia en ciencia e tecnoloxía (STEM): realizaranse medicións de tempos de espazos, trabállanse as proporcións no deseño de figuras para a impresión 3D… Así mesmo traballarase a planificación, investigación e comunicación de resultados. En definitiva basearémonos no método científico no que a observación, a análise e a recollida de datos será fundamental, sen esquecernos da experimentación. Quérese facer fincapé na importancia da reflexión do alumnado en cada un dos retos propostos. Desenvolver a Competencia dixital (CD) a través de presentacións, creación de invitacións, elaboración de anuncios de radio e vídeo, guión e gravación dos vídeos, stop motion, cromakey… Todo isto estimula a aprendizaxe: "O que buscamos, como o buscamos, para que o buscamos", en definitiva desenvolverase a competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA) sen esquecernos das Competencias sociais e cívicas (CSC), do Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e da Competencia cidadá (CC), en conciencia e expresión culturais (CCEC) e a competencia emprendedora (CE). Búscase que o alumno desenvolva un pensamento crítico e creativo onde a aprendizaxe cooperativa sexa unha das metodoloxías de aprendizaxe máis empregada.

- ✓ Picolindo Investiga: actividades e xogos varios de busca de información e investigación que se desenvolverán ao longo do curso, que tamén se poderán colgar do blogue; son voluntarios e sérvenlles para conseguir "Pikeuros" de cara ao Mercado de Libros de Ocasión de fin de curso, como sucede cos Enigmas do Doutor Bacilus semanais.

- ✓ Seguir co Arcón das Novidades percorrendo as aulas.
- ✓ Facer visibles as Novas Adquisicións no blogue, utilizando plataforma tipo Genially con ligazóns.
- ✓ Colaboración na achega de materiais e recursos ao profesorado da aula Proa.
- ✓ Elexir o "CD da semana" nos recunchos Escóitanos asignándollo a un grupo de colaboradores.
- ✓ Manter ao dia os carteis de NOVAS, distribuídos polo colexio no que se informa das diversas actuacións ao longo do curso: semana do cine, monicreques de paz, Esconxuros de medo, Rosalía de Castro, Muller científica...
- ✓ Elaboración de publicacións de divulgación dirixidas a nenos/as, familias e mestres: guía de uso da biblioteca actualizada, o calendario elaborado co tema anual, recomendacións lectoras, guía de enlaces web, titorial uso KOHA...
- ✓ Traballar a Palabra do Día: cada día unha nova palabra do vocabulario do PDI, que todo o profesorado leva á súa aula. Con isto o alumnado elaborará un glosario en galego personalizado sobre as Artes Escénicas e seviranos para o Pasapalabra.
- ✓ Empregar a Radio Resío para contos, debates, comentarios de libros lidos, entrevistas ás visitas Ilustres, actuacións musicais ou recitais do nosos alumnado...

## 3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL

- ✓ Realizar reunións explicativas sobre a organización da biblioteca ao principio de curso tanto para as familias como para o profesorado sobre todo do uso da OPAC.
- ✓ Recordar por parte do profesorado ás familias na 1ª reunión do curso, o modo de enviar ao colexio vídeos ou fotos realizados na casa co móbil, invitándoas a participar nas actividades que se organicen.

- ✓ Colaborar coa ANPA na elección de faladoiros ou obradoiros para as familias.
- ✓ Continuar coa formación de usuarios do alumnado mediante a aplicación das unidades didácticas.
- ✓ Coordinación do profesorado para unificar plataformas, programas, estratexias e medios de comunicación coas familias/alumnado para facilitar un bo feedback. Establecer criterios comúns nas estratexias de busca de información, procesado e elaboración do coñecemento, técnicas de traballo cooperativo, de aprendizaxe entre iguais, tamén nos principios da programación, no desenvolvemento do pensamento computacional e uso dos robots .
- ✓ As Olimpíadas do Saber, nas que agrupados en equipos mixtos se clasificarán tras ter superado determinadas probas relacionadas cos coñecementos recollidos durante o curso sobre as Artes Escénicas e rematará co enfrontamento no Pasapalabra dos dous equipos con mellores resultados por categoría. Isto desenvolverase no mes de maio .
- ✓ Colaborar coa ANPA no programa de reforzo das necesidades TIC das familias no inicio do curso.
- ✓ Realizar visitas á Biblioteca Municipal.

## 4.FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO

- ✓ As Mochilas Viaxeiras en tódolos cursos.
- ✓ As Carpetas para Viaxar os libros á casa en Ed. Infantil e 1º ciclo.
- ✓ Lecturas de Aula: Cada titor/a escollerá 2 libros de lectura, preferiblemente en galego, para ler conxuntamente ao longo do curso. Tentaremos que os autores/as dos mesmos veñan á escola para unha actividade de animación ao finalizar a lectura.
- ✓ A Hora de Ler: 20 minutos de lectura voluntaria á volta do recreo TOD@S
- ✓ Pasaporte de Lectura que reforza o movemento dos empréstitos e serve de recordatorio das lecturas realizadas.

- ✓ As Bolsas Lectoras de verán: con contidos da biblioteca, para aqueles lectores que teñen interese en seguir a ler durante o verán e non teñen fácil acceso a unha biblioteca pública.
- ✓ A Árbore dos Libros Escollidos: exposición trimestral do libro escollido por cada curso.
- ✓ Formación dos Clubs Lectores de 4º, 5º e 6º e de Adultos.
- ✓ Seguir co Pasaporte de Lecturas do grupo clase para controlar que se leve á practica un itinerario lector amplo e negociado cos "imprescindibles" que vai avanzando co grupo.
- ✓ Lecturas compartidas encontros co alumnado dos outros cursos, de outros Ceips, do IES de referencia e do Centro de Maiores máis próximo.
- ✓ Actividades de animación lectora xa estables tales como: visita de autor ou ilustrador, agasalla poesía, maratón de poesías, o Kamishibai, adiviñas monstrosas, creación e recitado de "esconxuros e meigallos", creación de vídeos e audios de medo, teatro, contiños na árbore de Nadal, padriños e madriñas lectores, os xoves contacontos, certames literarios, teatriños de monicreques realizados por eles para representar a outros cursos, gravación de lecturas teatralizadas, sombras chinesas.
- ✓ Utilización de apps de creación de contos como Toonstatic nas tablets
- ✓ Elaboración dos programas de man da diversas actuacións
- ✓ Creación de historias cos cubos e cartas xeradoras de historias.
- ✓ Obradoiros e xogos sinxelosde improvisación onde a rapazada teña que improvisar diálogos ou situacións.
- ✓ Crear e contar contos desde diferentes medios desde as mesas de luz ata vídeos con Stop Motion.

## 5. BIBLIOTECA INCLUSIVA.

- ✓ A nosa biblioteca promove a participación activa do alumnado e das familias, adáptase aos distintos estilos de aprendizaxe e tenta crear entornos escolares flexibles para tratar de compensar as desigualdades sociais.
- ✓ Gravación de contos/cancións en lingua de signos.
- ✓ Renovar a sinalización do colexio e biblioteca con pictogramas e Braile.
- ✓ Visitas e actividades conxuntas de ida e volta de contacontos aos centros San Francisco e San Rafael. Participación conxunta no Desfile de Entroido ata Bouzas.
- ✓ Visita ao centro de día do barrio para representar algunha das variadas obras de Artes Escénicas ou para que o alumnado axude aos maiores coas Novas Tecnoloxías.
- ✓ Creación dun distintivo para sinalizar os libros de lectura fácil na biblioteca.

## 6. OUTRAS ACTUACIÓNS.

- ✓ O primeiro día do curso presentaremos O RESÍO, A ESCENA!, coa actuación dun Grupo de Pandeireteiras; así damos paso tanto ao tema das Artes Escénicas como a quen serán as protagonistas nas Letras galegas: "As mulleres que preservaron a lingua e crearon anónimamente unha poesía popular trasmitida nas cantigas das avoas ás netas…"..
- ✓ Día Internacional do Mimo (22/09), Día da Ópera (25/09), Día do Ballet (02/11), Día da Música (22/11), Día do Canto Coral (08/12), Día da Ilustración (30/01), Día Mundial das Artes Escénicas para a Infancia e Xuventude (20/03), Día do Títere (21/03), Día do Teatro (27/03), Día do Circo (20/04), Día do Deseño (27/04), Día da Danza (29/04), Día do Jazz (30/04).
- ✓ Libro Estrela: libro formado polos " libro estrela" escollido por cada nenx entre os lidos este curso
- ✓ Elaboración de anuncios publicitarios e chapa para o Día do Libro.
- ✓ Creación en radio e papel da publicidade dos actos e eventos relacionados coas Artes Escénicas.

- Obradoiros mensuais: Iluminación, Gravación de son, Técnicas vocais, Teatro de sombras, Expresión corporal, creación de trazes, creación de máscaras, xogos de expresión corporal, obradoiro de pintura de caras, clases de baile, fabricación de títeres
- Invitación aos artistas locais ou mestres especializados a participar e enriquecer o proxecto.
- Solicitar colaboración da ESAD, da Escola Municipal de Teatro, a Escola de audiovisuais de Bouzas, Teatro Ensalle, Afundación, Conservartorio Profesional de Música, Centro Cultural de Bouzas, Escola Media Punta,...
- Invitación ás familias para que se involucren nas actividades, obradoiros e actuacións, promovendo a participación comunitaria. Que veñan contarnos ou a realizar co alumnado obradoiros que encaixe coa PdI anual .
- Campionato de xadrez .
- Exposición fotográfica con imaxes que promovan a creatividade, a expresión e as emocións. Fotografías con imaxes efímeras de teatro de rúa, escenarios, danza, folklore,...
- Acudir a todas aquelas actuacións teatrais ou musicais interesantes ofertadas.
- A Semana dos Talentos
- Xornadas dos Expertos: cada curso exporá ao resto do colexio o resultado das súas investigacións sobre o aspecto do que é experto...
- Exposicións temporais en datas sinaladas: Día da Poesía, Letras Galegas, Dereitos Humanos, Muller Traballadora, Día da Paz, Samaín (medo), Muller e A Nena Na Ciencia (Precursoras da sustentabilidade e axenda 2030), Semana da Prensa, Día da Internet, San Valentín...
- Mercado do Libro Usado e de Ocasión no remate do curso.
- Horta: Ampliaremos ás nosas leiras cunha para as plantas aromáticas e retomaremos o traballo das composteiras.
- Outras visitas: Festival de Titeres de Redondela, Xornadas da Escola Municipal de Teatro, ...

### 7. AVALIACIÓN

Seguiremos as pautas do material aportado por M. Baró e T. Mañá para a autoavaliación das Bives. Utilizaremos as estatísticas que nos proporcione o KOHA (este ano xa puidemos extraer máis datos),  para valorar os intereses dos usuarios por idades e sexo con respecto aos fondos e volveremos a utilizar o instrumento das enquisas (Google) ao profesorado, familias e alumnado para valorar outros aspectos de funcionamento e de dinámica en xeral.

## 26. Pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares

Na etapa de educación infantil non haberá tarefas, pero dende o equipo docente se propondrán actividades en familia que axuden a colaborar coa escola nas distintas actividades do proxecto educativo. A participación nestas actividades será voluntaria pero sí recomendable.

Na educación primaria, ademáis das propostas indicadas para a etapa de educación infantil, o alumnado pode levar algunha tarefa académica, máis nos cursos altos que nos baixos. O equipo docente considera moi positivo que o alumando dedique algún tempo na casa para xerar habilidades e actitudes  de traballo, de lectura,... nun ambiente distendido. Estas actividades serán moi boas para a concentración e o desenvolvemento cerebral e neurolóxico.

Non será nunca unha actividade excesiva. Os mestres comprometémonos a coordinarnos para que non xurda a desproporción entre o tempo e o número de tarefas, pois o alumnado precisa xogar para o seu correcto desenvolvemento.

***Decreto 79/2010***

## 27. Adenda do proxecto lingüístico (art. 14.4. do Decreto 70/2010 do 20 de maio)

Atendendo ao artigo 14 do apartado 4 do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG de 25 de maio) elaboramos a addenda do proxecto lingüístico atendendo a dous dos seus apartados:

**1. Aos resultados obtidos sobre lingua materna predominante entre o alumnado na educación infantil.**

Atendendo aos resultados obtidos da enquisa enviada ás familias sobre cal era a lingua materna do neno ou nena, o resultado obtido foi maioritariamente o castelán. Polo tanto, a lingua vehicular da aula de 4º de Ed. Infantil será o castelán pero fomentarase o galego en igualdade de condicións para que adquiran as competencias básicas en ambas as dúas linguas.

**2. Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.**

Teremos en conta as propostas de mellora do curso pasado. Continuarase a traballar na liña do curso anterior, incidindo en actividades que favorezan a produción de materiais en lingua galega, facendo fincapé na mellora da competencia oral. Desenvolveremos canles que impliquen aos distintos membros da comunidade educativa: alumnado-profesorado-pais/nais-veciñanza aproveitando para este obxectivo os medios tecnolóxicos dispoñibles: radio, vídeo, paxinas web, etc. Partindo desta idea, as actividades que se propoñen son as seguintes:

- **Proxecto de Centro**: Partindo do Proxecto anual de centro, artellaránse as actividades e celebracións de todo o curso, sendo este o eixo vertebrador de todas as actividades desenvolvidas para o fomento do uso da lingua galega: biblioteca, expertos, celebracións anuais, concursos, etc.

No desenvolvemento destas actividades empregaremos como principais ferramentas de traballo os medios tecnolóxicos dispoñibles: radio, vídeo, blog,etc. Co obxectivo de producir materiais en lingua galega en distintos formatos.

- **Radio Escolar**: Desde a aula de 6º de Ed. Primaria desenvolveráse unha actividade de radio, "Radio Resío". Esta actividade non será exclusiva do curso de 6º de Ed. Primaria, senón que irá contando progresivamente con todos os cursos da escola. No curso pasado realizouse un bo traballo no que todos os cursos de Ed. Primaria participaron.

- **Blog do EDNL**: O blog "A voz do Resío", serve de apoio aos contidos desenvolvidos na actividade de Radio Escolar, desenvolvendo a parte escrita dos contidos que alí se traballan. O alumnado de 6º é o encargado de crear contidos e manter actualizada a páxina, realizando por equipos actividades periódicas relacionadas coa web.

- **Blog do centro**: "O blogue de Picolindo". No que aparecen todas as actividades desenvolvidas no centro ao longo do curso e no que se publican as producións realizadas polo alumnado e se convocan diversas actividades.

- **Proxecto de Innovación (Plan Proxecta)**: Participamos no Plan Proxecta neste curso cun Proxecto de investigación sobre a toponimia, para os cursos de 5º e 6º de Ed. Primaria. Ao longo do curso os alumnos destes grupos irán desenvolvendo tarefas de investigación arredor da toponimia do barrio e do topónimo específico do lugar da nosa escola: O Resío. Realizaránse tarefas que impliquen producións escritas e gráficas, radiofónicas e audiovisuais. As tarefas implicarán non só ao alumnado senón tamén aos pais, veciños e entidades da contorna.

A proposta de actividades, obxectivos, e temporalización virán detalladas polo miúdo no PFUG do centro para o curso 2023-24.

**BASES LEGAIS:**

A principal lexislación, actualmente en vigor, que serve de base para esta programación é a seguinte:

- Lei de Normalización Lingüística
- Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Ademais do decreto 374/1996 onde se describe a composición do ENL (denominación substituída pola de EDL polo decreto 79/2010) así como as súas funcións.

A partir da avaliación do curso anterior, constátase (ao igual que en cursos anteriores) que aínda que a competencia lingüística en lingua galega da maioría do alumnado é aceptable a nivel escrito, a nivel oral é deficiente, polo que se presenta a necesidade de favorecer situacións que provoquen e favorezan o uso da lingua galega de xeito oral.

## 28. Constitución do equipo de dinamización da lingua galega axustada á normativa.

| | | |
|---|---|---|
| **DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA** | **Juan Luís Fernández Pérez** | • **Mónica Díaz Prada**<br>• **Olga Álvarez Sánchez**<br>• **Begoña O. Fernández González**<br>• **Eva María Madarnás Rodríguez**<br>• **Olalla León Sotelo**<br>• **Carmen Arnaiz Méndez**<br>• **Rebeca Argibay Rodríguez**<br>• **Xan Lois Lomba Alonso** |

O coordinador foi nomeado o pasado día 1 de setembro de 2023 por un periodo de dous cursos lectivos. O Equipo foi constituído o 4 de setembro de 2023.

## 29. Actividades que se van a desenvolver para o fomento e dinamización da lingua galega.

O Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega do CEIP Virxe do Rocío (O Resío), presenta no PFUG as actividades planificadas para o curso 2024/2025 en prol do fomento do uso da lingua galega no noso centro.

***Decreto 229/2011. Artigos 11.4 e 11.5.***

***Proposta da concreción anual do Plan Xeral de atención á Diversidade***

## 30.Concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade. PADDO

- **INTRODUCIÓN**

Dentro do marco normativo vixente de atención á diversidade do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia* e *a Orde do 8 de setembro do 2021* que o desenvolve, e en base ao *Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e na Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto120/1998,* elaboramos este PAADO, entendendo a orientación como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que debe garantirse desde as primeiras idades do alumnado permitindo así a prevención e detección temperá das súas dificultades tanto no desenvolvemento persoal ou da aprendizaxe.

A elaboración do PAADO ven recollida na *Orde do 24 de xullo de 1998, no seu artigo 11º.b)* determinando que é función da xefatura do departamento de orientación *"responsabilizarse da redacción do plan anual de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso" e no Decreto 229/2011 polo que se regula a Atención á Diversidad e que se concreta na Orde do 8 de setembro de 2021, nas que* establécense entre as actuacións do DO, a concreción dun plan anual do D.O. coas actuacións

previstas para o cada curso, os seus destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalización correspondente.

Para o presente curso escolar 24-25 establecemos o seguinte Plan de Actuación.

Trimestralmente convocaranse reunións do D.O. con todos os seus membros, levantando acta de ditas reunións. Semanalmente faremos seguimento das tarefas do DO, como ven sendo habitual nos anteriores cursos, respondendo a necesidades organizativas e coa conformidade dos membros do DO e do equipo directivo, acordamos que a orientadora, a mestra PT e mestre AL se xunten os martes de 09:55 h. a 10:50 h coa xefa de estudos para a coordinación das actuacións semanais do DO.

- **PRINCIPIOS E CONCRECIÓN ANUAL DE ACTUACIÓNS**

As funcións do DO abranguen diversos campos de actuación:

2.1. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS

Os principios para a atención do ANEAE terán en conta que:

- Atender á diversidade consiste en atender de xeito inclusivo ás necesidades de cada alumno/a para acadar un desenvolvemento integral dentro das súas capacidades e potencialidades.
- Para o emprego de recursos EXTRAORDINARIOS, sexan estes as mestras de PT e/ou AL, priorizarase ao alumnado con ACS, con diagnóstico NEE, e respectivamente o alumnado cun Informe Psicopedagóxico que indique a necesidade específica de apoio educativo extraordinario (PT/AL).
- Sempre que sexa posible desenvolverase a intervención especialista dentro do grupo clase, no obstante aqueles casos que precisen unha atención máis individualizada recollida no seu informe psicopedagóxico, atenderáselles na aula de PT, ou combinando o apoio dentro/fora da súa aula segundo se recolla no seu informe psicopedagóxico e no seu programa de intervención individual PT / AL.

- Ademais da adaptación da metodoloxía ás NEAE por parte do profesorado titor e de área, como <u>Medida Ordinaria</u> de Atención á Diversidade establécense os Reforzos Educativos por parte do profesorado de primaria con disponibilidade horaria, ditos reforzos son establecidos pola X.E. a proposta do D.O.

- Dende o Departamento de Orientación colaborarase na coordinación da titoría dos Reforzos Educativos que se levan a cabo con aquel alumnado que necesita reforzo curricular nas áreas instrumentais.
- É o profesorado de ed. primaria con dispoñibilidade horaria quen realizará estes RE. Estes mestres estarán coordinados en todo momento co titor/a do alumnado obxecto de reforzo.
- Coma norma xeral este RE será dentro da aula ordinaria, salvo excepcións debidamente xustificadas nas que poderánse facer desdoblamentos dos grupos.
- Facilitaranse materiais e recursos ás titoras para a intervención educativa nas dificultades de aprendizaxe.

A coordinación coas familias realizarase en coordinación estreita coa titoría para lograr a máxima coherencia educativa, preferentemente en reunións conxunta da titora, familia e membros do DO, e de forma periódica para establecer pautas de traballo común.

Trimestralmente realizarase un seguimento da evolución nos procesos de aprendizaxe do alumnado.

A xefatura de estudos comunicarase periodicamente co titor/a e profesorado especialista para arbitrar as medidas precisas.

Programaranse reunións das titoras e membros do DO cos especialistas de axentes externos con convenio coa consellería para a coordinación da atención educativa do ANEE.

2.2 .INCLUSIÓN E DIVERSIDADE

- Elaboración de Programas de prevención e detección de dificultades de aprendizaxe.

- Asesoramento para o axuste metodolóxico mais inclusivo das medidas de reforzo educativo.
- Informar e asesorar a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Asesoramento ao profesorado na elaboración e desenvolvemento das concrecións curriculares, programacións de curso, medidas de reforzo educativo e nas ACSs.

**Procedemento de elaboración das Adaptacións curriculares:** No caso das Adaptacións Curriculares terase en conta o procedemento de elaboración que se establece no *Artigo 55 da Orde do 8 de setembro de 2021*, as Adaptacións curriculares ou adaptacións do currículo son medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan os elementos prescritivos do currículo; van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Para a adopción desta medida de ADAPTACION CURRICULAR cumprirá que no informe psicopedagóxico resultante da avaliación psicopedagóxica se entenda como a máis idónea para atender as necesidades educativas dunha alumna ou dun alumno e despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade.

As adaptacións curriculares suporán a modificación, a ampliación, a redución ou a supresión de parte ou todos os elementos prescritivos do currículo.

Cando unha alumna ou un alumno precisen adaptación do currículo, a familia será informada desta medida de atención á diversidade, do cal quedará constancia por escrito.

O procedemento para a elaboración dunha adaptación curricular é o seguinte:

a) Realización da avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do departamento de orientación. Nese informe debe constar o nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, achegado polo profesorado das áreas ou das materias susceptibles de adaptación e coordinado polo profesorado titor. Ese nivel de competencia será o punto de partida

para o axuste do currículo. Os referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular e a zona de desenvolvemento próximo da alumna ou do alumno, determinadas, ambas, no informe psicopedagóxico.

b) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á cal deben asistir o equipo docente da alumna ou do alumno e a xefatura do departamento de orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidirase a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e as áreas ou as materias para adaptar. A xefa do departamento de orientación redactará e custodiará a acta desta reunión.

c) Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado que a imparte. Igualmente, ese profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, de ser o caso, co profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais. En todo ese proceso o profesorado contará co asesoramento da xefatura do departamento de orientación. (A aplicación PROENS previsiblemente será actualizada neste curso escolar para o diseño de AC)

A xefatura do departamento de orientación conformará o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo que figura no anexo da orde de atención á diversidade, e xuntaráselle copia da acta da reunión en que se decidiu realizar a adaptación curricular.

A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización, segundo o modelo que figura no anexo III da orde. Con carácter xeral, a solicitude da dirección do centro docente farase antes da finalización do mes de novembro, agás no caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización.

Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo servizo territorial de Inspección Educativa.

O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se consideren necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular.

A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizaraa o profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cos establecidos na normativa xeral que regula a avaliación da ensinanza en que está matriculado o alumno ou a alumna.

Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ou titulación.

A información das avaliacións que se facilite ás familias incluirá as cualificacións obtidas nas áreas ou nas materias adaptadas, segundo os criterios de avaliación incluídos nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información incluirase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno. O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do departamento de orientación, de elaborar e trasladar esa información.

A duración das adaptacións do currículo poderá ser dun ciclo ou dun curso, en función da etapa educativa en que estea escolarizado o alumno ou a alumna.

Calquera modificación que se realice referida aos elementos prescritivos do currículo da adaptación curricular autorizada requirirá unha nova autorización por parte do servizo territorial de Inspección Educativa.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito a que se lles facilite, por parte do centro docente e logo da súa solicitude, unha copia da adaptación curricular autorizada.

2.3.PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

- Dentro do Plan de Acción Titorial: asesoramento e colaboración á comunidade educativa.
- Colaboración cos equipos docentes na elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

- Colaboración co profesorado aportando pautas, elaborando programas, implementando dinámicas, .....

2.4.CONVIVENCIA E BENESTAR EMOCIONAL

- Colaboración co Plan de convivencia.
- Asesoramento á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das Normas de Organización e Funcionamento (NOF).
- Fomento da participación e implicación das familias na vida do centro e na educación dos seus fillos e fillas.
- Coordinación entre o profesorado de EI e EP, para facilitar a transición entre etapas educativas
- Coordinación entre os orientadores/as de primaria e secundaria, para facilitar o tránsito do alumnado entre etapas educativas.

2.5.PLAN DE ORIENTACIÓN, PLAN ANUAL do DO e MEMORIA

- Actualización permanente do Plan de Orientación, concretando no Plan Anual (PAADO) as actuacións previstas para o curso.
- Realización da Memoria anual en base ao desenvolvemento do Plan Anual, coas propostas de mellora que procedan para o vindeiro curso.

2.6.PROCESOS DE AVALIACIÓN E CALIDADE

- Colaboración nos diferentes procesos de avaliación do centro.
- Asesoramento á comunidade educativa sobre os procesos de mellora e calidade do sistema educativo.

2.7.DRDADI e DRDORIENTA

- Facilitar a información estadística que se demanda, en forma e prazo.

- **ACTUACIÓNS PREVISTAS E TEMPORALIZACIÓN:**

| ***OBXECTIVOS*** | ***TEMPORALIZACIÓN*** | ***PROFESORADO IMPLICADO*** |
|---|---|---|
| Asesorar á comunidade educativa nos procesos de identificación das | Todo o curso | Titores e especialistas D.O. |

| | | |
|---|---|---|
| necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas medidas educativas a adoptar e na súa avaliación. | | |
| Traballar os valores de inclusión, respecto pola diversidade e a diferencia. | Todo o curso | Todo o profesorado e Equipo Directivo |
| Adecuar a documentación administrativa e pedagóxica ao marco xurídico actualizado: á Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, aos Decretos que regulan os Currículums de EI e EP en Galicia e ao Decreto de Atención á Diversidade, así como a todas as disposicións que os desenvolvan. | Todo o curso | Todo o profesorado e Equipo Directivo |
| Establecer e coordinar medidas de Reforzo Educativo e medidas de Apoio de P.T. e A.L. | Todo o curso | Titores/as, Profesorado de P.T. e A.L., Orientadora e Xefatura de Estudios |
| Elaborar e desenvolver Programas de Prevención e Detección de posibles déficits e dificultades de aprendizaxe, HHSS,... | Todo o curso | Orientadora |
| Recoller nas programacións de aula medidas de atención á diversidade para cada grupo clase, tendo en conta a situación individual do alumnado. | Inicio do curso | Profesorado |

| | | |
|---|---|---|
| Coordinar reunións das titorías co D.O. para optimizar as medidas de atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe. | Todo o curso | Todo o profesorado e D.O. |
| Fomentar a participación e implicación das familias na educación do alumnado, promovendo a corresponsabilidade das familias na aprendizaxe. | Todo o curso | Titorías e D.O. en coordinación coas familias. |
| Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación | Todo o curso | Profesorado, D.O. e equipo directivo |

| ACTUACIÓNS | RESPONSABLE/S DA SÚA EXECUCIÓN | DESTINATARIOS/AS | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|---|
| Reunión para Constitución do DO para este curso e redacción da acta correspondente. | Orientadora | Membros do DO | Setembro |
| Tramitación das axudas para ANEAE (para intervención psicopedagóxica externa) | Orientadora | Familias alumnado con neae. | Setembro-outubro: Prazo de entrega familias o 20 de setembro. Entrega a inspección ata o día 2 de outubro. |
| Proposta de organización dos horarios para desenvolver os Plans de apoios do profesorado de AL e PT.<br>Elevar á proposta dos horarios á X.E. para a súa aprobación | Orientadora e profesorado de AL e PT. | Alumnos/as NEAE. | Setembro. |
| Elevar á proposta dos horarios á X.E. para a súa aprobación. | Orientadora e profesorado de | Xefatura de estudios. | Setembro. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Redacción da proposta definitiva dos servizos de apoio: Entrega de horarios | AL e PT. | | |
| Seguimento dos Plans de apoio e programas de intervención para o ANEAE. | Titores e profesorado especialista PT e AL. Orientadora | Alumnos/as ANEAE | Todo o curso |
| Elaboración e aprobación do Plan Anual de Actividades do D.O. (PAADO) | Orientadora. | Departamento de Orientación, Claustro de Profesores e Consello Escolar | Setembro/ Outubro. |
| Realización das avaliacións psicopedagóxicas pertinentes tralas demandas do profesorado e/ou familias, e redacción dos correspondentes informes psicopedagóxicos. | Orientadora. | Demandantes, equipos docentes, propio alumnado e familias. | Ao longo do curso. |
| Seguimento do ANEAE e actualización das súas avaliacións psicopedagóxicas e seus informes psicopedagóxicos. | Orientadora. | ANEAE equipos docentes e familias | Ao longo do curso. |
| Elaboración da concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade (PXAD). | Orientadora. | Departamento de Orientación, Claustro de Profesores e Consello Escolar | Primeiro trimestre |
| Revisión e actualización do Plan de Orientación (POE), do plan de Acción Titorial (PAT), e do Plan de atención a diversidade (PAD) | Orientadora | Departamento de Orientación, Claustro de Profesores e | Primeiro trimestre |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | Consello Escolar | |
| Reunións de coordinación no IES CORUXO (por convocatoria do DO do IES) | Orientadora do IES | Orientadores/as dos CEIPs adscritos | Ao longo do curso. |
| Cumprimentación de Drdadi | Orientadora. | Servizos Centrais da CEOU | Outubro |
| Asesoramento na prosposta, realización e seguimento das ACS | Orientadora. | Equipos docentes, profesorado de apoio, xefatura de estudos. | Todo o curso. |
| Valoración do novo alumnado e seguimento do alumnado doutros anos, toma de decisións | Departamento de Orientación. | Equipos docente , propio alumnado e familias | Primeiro trimestre |
| Asesoramento á Comunidade Educativa. | Orientadora. | Comunidade educativa. | Todo o curso. |
| Proposta de adquisición de material do D.O, de selo caso. | Orientadora. | Dirección. | Todo o curso. |
| Xuntanzas dos mestres especialistas e orientadora coa xefatura de estudos . | Mestres especialistas e orientadora coa xefatura de estudos | Comunidade educativa | Semanalmente. |
| Convocatoria da celebración de Reunións do D.O. | Orientadora. | Membros do DO | Trimestralmente |
| Celebración de Reunións do D.O. | Membros do DO. | Comunidade educativa | Trimestralmente |
| Atención ás familias en coordinación | Orientadora, | Familias do | Todo o curso |

| | | | |
|---|---|---|---|
| coas titorías | P.T.e A.L. | alumnado | |
| Asistir ás sesións de avaliación, sempriorizando a asistencia as do centro base. | Orientadora, P.T.e A.L. | Equipos docentes. | Trimestral |
| Deseño e posta en práctica do Programa de "Preparación para a ESO" | Orientador do IES e do centro. | Alumnado e familias de 6º | 3º trimestre |
| Realización da avaliación do desenvolmento PAADO | Departamento de orientación. | Membros do Departamento. | Maio-xuño |
| Realización da avaliación do PO: PXAD e PAT | Departamento de Orientación. | Membros do Departamento. | Maio-xuño. |
| Actualización dos informes do ANEAE que remata a etapa de Primaria que foi obxecto dalgunha avaliación psicopedagóxica. | Orientadora. | Xefe de estudios Expediente persoal dos alumnos. Orientador/a do IES Alexandre Bóveda | Xuño. |
| Redacción da memoria do D.O. | Orientadora. | Departamento, Claustro de Profesores e Consello Escolar. | Xuño. |
| Cumprimentación do cuestionario na aplicación Drdorienta | Orientadora | Servizos Centrais da CEOU | Xuño |

**ORGANIZACIÓN do D.O.: Composición e Horario da Xefa do DO**

Este curso o noso centro conta cunha mestra especialista en Pedagoxía Terapéutica a tempo completo e cun mestre especialista en Audición e Linguaxe, ámbolos dous con destino definitivo no centro.

A Xefa do departamento de orientación itinera con outro centro, CEIP JAVIER SENSAT, permanecendo tres xornadas nese centro ( martes, mércores e venres),

que é o centro base. Só unha tarde dos martes ao mes acode a este centro compartido.

O profesorado de PT e AL elaborará o plan de intervención do alumnado e un informe final de cada alumno/a obxecto da súa atención.

**HORARIO DA XEFA DO DEPARTAMENTO.**

O horario elaborouse tendo en conta as seguintes prioridades:

- Coordinación coa P.T. e A.L. do centro.
- Coordinación coas titorías dos diferentes niveis educativos.
- Atención á orientación e atención a familias, centros externos ao centro, realizarase preferentemente de tarde, para a mellor coordinación coas titorías, puidendo no seu caso realizarse tamén polas mañás.
- Traballo no D.O., concretado en: elaboración de actas, informes e avaliacións psicopedagóxicas, elaboración e implementación de programas e atención e valoración do alumnado, coordinación co profesorado e equipo directivo.
- A atención ao profesorado do centro desenvolverase dentro das horas de libre disposición no centro e nos momentos de orientación.
- Ás horas de atención ao alumnado ou dinámicas, observacións na aula, será durante a xornada escolar, excepto horas de reunións, gardas de recreo e tempo de lectura.

### ➢ HORARIO DA ORIENTADORA

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 1ª sesión | DO | | | DO | |
| 2ª sesión | DO | | | DO | |
| 3ª sesión | DO | | | DO | |
| Patio de recreo | DO | | | DO | |
| 4ª sesión | DO | | | DO | |
| 5ª sesión | Reunión semanal DO | | | DO | |

- **AVALIACIÓN.**

No mes de xuño realizarase a avaliación deste plan, que se incorporará á memoria do Departamento de Orientación.

*Decreto 8/2015 ( Artigo 11.5)*

## 31. Concreción anual do plan de benestar e convivencia

### INTRODUCIÓN

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, sinala no seu artigo 10.1 que o proxecto educativo de cada centro docente incluirá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. Dentro do marco normative desta Lei e do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, elabórase estas concrecións, seguindo o plan de benestar que se inclue no plan de convivencia seguindo as directrices da Orde do 23 de agosto do 2023.
Estas accións van dirixidas a un centro de 10 unidades, 3 de Ed. Infantil e 7 de Ed. Primaria cun total de 157 alumnos/as no presente curso escolar.

### ANÁLISE DO CONTEXTO

Tras a realización da enquisa de análise DAFO na que participou a totalidade do profesorado, detectouse un elevado número de alumnado con problemas derivados da falta de benestar. Tamén detectamos un nivel de dificultade medio-alto en cuestións como a falta de ferramentas na xestión emocional na mediación de conflictos, tanto por parte do alumnado, como por parte do profesorado e famillias. Tamén apreciamos un alto nivel de dificultade no intercambio de información e

coordinación cos axentes sociais e servizos socio educativos. A falta de concienciación e visibilización da saúde mental na infancia, tamén quedou reflictida nesta enquisa. Tras a valoración e análise destes resultados, propoñemos para o vindeiro curso escolar 2024-25 as accións propostas a continuación.

## CONCRECIÓNS ANUAIS CURSO 24-25

| **CONCRECIÓNS ANUAIS** | **TEMPORALIZACIÓN** | **INDICADORES DE LOGRO** |
|---|---|---|
| 1- Enquisa DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) | Setembro | Realización dun gráfico cos resultados para a súa valoración. |
| 2- Presentación da folla de rexistro incidencias. | Primeiro trimestre | Revisión periódica dos rexistros. |
| 3- Continuar coa posta en marcha das equipas de mediación escolar enfocado sobre todo aos recreos con alumnado axudante do centro. | Todo o curso | Folla de rexistro das actuacións. |
| 4- Reunión mensual coas equipas de mediación para facer o seguimento das difcultades que vaian xurdindo. | Todo o curso | Folla de rexistro. |
| 5- Instalación dun buzón na entrada do centro escolar e na páxina web da escola, para a solicitude de mediación para calquera tipo de situación. | Primeiro trimestre | Revisión periódica das incidencias. |

| | | |
|---|---|---|
| 6- Participación do alumnado de 4º de Primaria, nun obradoiro do programa de Autoestima e Benestar Emocional e/o resolución de conflictos organizado por Alborada. | Todo o curso | Valoración da actividade e breve memoria. |
| 7- Participación no obradoiro "No Enredes" de prevención dos riscos do uso das TRIC para o alumnado de 5º e 6º organizado por Alborada. | Todo o curso | Valoración da actividade e breve memoria |
| 8- Participación do alumnado no Plan Director para a convivencia e mellora da seguridade nos centros educativos e a súa contorna. | Todo o curso | Valoración da actividade e breve memoria. |
| 9-Charla formativa para o alumnado de 6º de Primaria, a través da participación no programa de prevención en adiccións do Concello de Vigo, "Mas que un teito" | Segundo trimestre | Valoración da actividade e breve memoria. |
| 10- Obradoiro de Daniel Novoa co profesorado e coas familias sobre os estereotipos de xénero e o uso das redes. | Por concretar | Asistencia do 50% das familias convidadas. |
| 11- Obradoiro de Daniel Novoa co alumnado, sobre os estereotipos de xénero e o uso das redes. | Por concretar | Valoración da actividade e breve memoria. |

| | | |
|---|---|---|
| 12- Participación do alumnado de 5º e 6º no taller "Movemento con Conciencia" organizado pola compañía Disiden.Cia, no que se reflexiona sobre as identidades, os estereotipos de xénero e a diversidade de corpos. | Setembro | Valoración da actividade e breve memoria. |
| 13- Calendario de petiscos que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada. | Todo o curso | Seguimento diario por parte do mestre/a do calendario de pestiscos. |
| 14- Sesións de mindfulness para o profesorado, enfocado á intervención na aula. | Primeiro, segundo e terceiro trimestre. | Valoración do nivel de benestar emocional posterior nas aulas. |
| 15- Reunión semanal coa orientadora do centro para facer o seguimento das actuacións que se van levando a cabo. | Todo o curso | Actas das reunións. |

## PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS CONCRECIÓNS

Este plan será revisado e actualizado ao longo de todo o curso nos seus indicadores de logro co fin de mellorar e adecuar o mesmo á realidade, tanto do centro como do curso escolar.

Ademais na súa avaliación, incluirase unha proposta de mellora con aquelas accións que necesitan volver a repetirse do curso anterior, de igual maneira, as que precisen modificación, ou as que xa non sexa necesario realizalas.

***Resolución do 18 de abril de 2016***

## 32. Accións de mellora derivadas da análise de resultados das avaliacións individualizadas.

O pasado curso escolar desenvolveuse a avaliación de diagnóstico da Consellería co alumnado do cuarto curso de primaria. Os resultados son adecuados respecto á media.

O informe enviado pola Consellería é o que segue:

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Avaliación diagnóstico 4.º EP

Ano académico 2023/2024

## INFORME DO CENTRO EDUCATIVO

**Centro:** 36010009 - CEIP Virxe do Rocío

**COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA. LINGUA GALEGA E LITERATURA**

**Participación na proba xeral**

| Nº alumnos/as | Nº presentados/as |
|---|---|
| 21 | 20 |

**Resultados por competencia**

**Nivel de competencia e puntuación transformada**




**Porcentaxe de alumnado que acada cada nivel de competencia**




**Este informe ten carácter informativo e orientador para o centro educativo. Non ten efectos académicos.**

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Avaliación diagnóstico 4.º EP

Ano académico 2023/2024

## INFORME DO CENTRO EDUCATIVO

**Centro:** 36010009 - CEIP Virxe do Rocío

**Resultados por destrezas**

**Puntuación transformada**




**Indicadores**

| Indicador | Puntuación | Nivel | Descrición |
|---|---|---|---|
| ISEC | 547.0 | medio alto | Índice social, económico e cultural |

(*) Non se dispón de datos para calcular o valor do indicador.

**Este informe ten carácter informativo e orientador para o centro educativo. Non ten efectos académicos.**

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Avaliación diagnóstico 4.º EP

Ano académico 2023/2024

**INFORME DO CENTRO EDUCATIVO**

**Centro:** 36010009 - CEIP Virxe do Rocío

| Nivel | |
|---|---|
| 6 | ·Coherencia e cohesión. |
| 5 | ·Reflexiona sobre a finalidade dun texto.<br>·Interpreta obras ou fragmentos literarios.<br>·Selecciona a idea principal do texto.<br>·Deduce o fin comunicativo dun texto.<br>·Deduce a orde das partes dun texto. |
| 4 | ·Selecciona ideas secundarias implícitas nun texto.<br>·Deduce o significado de palabras polo contexto.<br>·Selecciona fontes de información fiables. |
| 3 | ·Corrección ortográfica e gramatical.<br>·Identifica xéneros literarios.<br>·Infire información do texto.<br>·Recoñece aspectos formais do texto.<br>·Valora fontes de información fiables.<br>·Adecuación. |
| 2 | ·Reflexiona sobre ideas, sentimentos ou conceptos.<br>·Interpreta textos relacionados coa súa contorna.<br>·Infire a relación entre as e os personaxes dun texto. |
| 1 | ·Localiza información concreta do texto. |

**Este informe ten carácter informativo e orientador para o centro educativo. Non ten efectos académicos.**

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Avaliación diagnóstico 4.º EP

Ano académico 2023/2024

**INFORME DO CENTRO EDUCATIVO**

**Centro:** 36010009 - CEIP Virxe do Rocío

**COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

**Participación na proba xeral**

| Nº alumnos/as | Nº presentados/as |
|---|---|
| 21 | 20 |

**Resultados por competencia**

**Nivel de competencia e puntuación transformada**




**Porcentaxe de alumnado que acada cada nivel de competencia**




**Este informe ten carácter informativo e orientador para o centro educativo. Non ten efectos académicos.**

**INFORME DO CENTRO EDUCATIVO**

**Centro:** 36010009 - CEIP Virxe do Rocío

**Resultados por destrezas**




**Indicadores**

| Indicador | Puntuación | Nivel | Descrición |
|---|---|---|---|
| ISEC | 547.0 | medio alto | Índice social, económico e cultural |

(*) Non se dispón de datos para calcular o valor do indicador.

**Este informe ten carácter informativo e orientador para o centro educativo. Non ten efectos académicos.**

**INFORME DO CENTRO EDUCATIVO**

**Centro:** 36010009 - CEIP Virxe do Rocío

| Nivel | |
|---|---|
| 6 | •Recoñece as ideas clave do texto.<br>•Valora as diferenzas entre os distintos tipos de linguaxe utilizados.<br>•Deduce o significado de palabras polo contexto. |
| 5 | •Coherencia e cohesión. |
| 4 | •Infire información do texto.<br>•Selecciona ideas secundarias implícitas nun texto.<br>•Reflexiona sobre ideas, sentimentos ou conceptos.<br>•Selecciona a idea principal do texto. |
| 3 | •Deduce a orde das partes dun texto.<br>•Valora fontes de información fiables.<br>•Deduce o fin comunicativo dun texto.<br>•Corrección ortográfica e gramatical.<br>•Interpreta obras ou fragmentos literarios.<br>•Selecciona fontes de información fiable.<br>•Adecuación.<br>•Contrasta información de distintas fontes. |
| 2 | •Recoñece aspectos formais do texto.<br>•Corrección ortográfica e gramatical.<br>•Infire a relación entre as e os personaxes dun texto. |
| 1 | •Localiza información concreta do texto. |

**Este informe ten carácter informativo e orientador para o centro educativo. Non ten efectos académicos.**

**INFORME DO CENTRO EDUCATIVO**

**Centro:** 36010009 - CEIP Virxe do Rocío

**COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA. PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA. INGLÉS**

**Participación na proba xeral**

| Nº alumnos/as | Nº presentados/as |
|---|---|
| 21 | 19 |

**Resultados por competencia**

**Nivel de competencia e puntuación transformada**




**Porcentaxe de alumnado que acada cada nivel de competencia**




**Este informe ten carácter informativo e orientador para o centro educativo. Non ten efectos académicos.**

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Avaliación diagnóstico 4.º EP

Ano académico 2023/2024

## INFORME DO CENTRO EDUCATIVO

**Centro:** 36010009 - CEIP Virxe do Rocío

### Resultados por destrezas

Puntuación transformada




### Indicadores

| Indicador | Puntuación | Nivel | Descrición |
|---|---|---|---|
| ISEC | 547.0 | medio alto | Índice social, económico e cultural |

(*) Non se dispón de datos para calcular o valor do indicador.

Este informe ten carácter informativo e orientador para o centro educativo. Non ten efectos académicos.

**INFORME DO CENTRO EDUCATIVO**

**Centro:** 36010009 - CEIP Virxe do Rocío

| Nivel | |
|---|---|
| 6 | •Recoñece modelos contextuais. |
| 5 | •Selecciona un léxico habitual sobre temas próximos á experiencia do alumnado.<br>•Competencia lingüística.<br>•Infire léxico habitual. |
| 4 | •Competencia sociolingüística<br>•Localiza ideas concretas ou información específica dun texto.<br>•Competencia pragmática<br>•Deduce as ideas secundarias.<br>•Selecciona o patrón contextual comunicativo que supón o texto.<br>•Reorganiza as ideas e as informacións contidas nun texto.<br>•Deduce posibles alternativas ás accións das e dos personaxes.<br>•Infire información básica sobre aspectos socioculturais. |
| 3 | •Deduce a función comunicativa adecuada ao ámbito e ao contexto.<br>•Valora a adecuación do título de acordo coa idea principal.<br>•Infire os aspectos socioculturais máis significativos relativos aos costumes e á vida cotiá de países onde se fala a lingua estranxeira.<br>•Recoñece a idea principal dun texto con apoio visual.<br>•Recoñece palabras, enunciados ou textos desde un punto de vista lingüístico.<br>•Identifica a contorna (tempo e lugar) no que se sitúa o texto. |
| 2 | •Recoñece xéneros discursivos.<br>•Identifica patróns elementais culturais propios da lingua estranxeira.<br>•Interpreta datos e información relevante do texto. |
| 1 | •Recoñece o tema dun texto con apoio visual.<br>•Relaciona o contido do texto coa temática proposta. |

**Este informe ten carácter informativo e orientador para o centro educativo. Non ten efectos académicos.**

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Avaliación diagnóstico 4.º EP

Ano académico 2023/2024

## INFORME DO CENTRO EDUCATIVO

**Centro:** 36010009 - CEIP Virxe do Rocío

### COMPETENCIA MATEMÁTICA

**Participación na proba xeral**

| Nº alumnos/as | Nº presentados/as |
|---|---|
| 21 | 19 |

**Resultados por competencia**

**Nivel de competencia e puntuación transformada**




**Porcentaxe de alumnado que acada cada nivel de competencia**




**Este informe ten carácter informativo e orientador para o centro educativo. Non ten efectos académicos.**

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Avaliación diagnóstico 4.º EP

Ano académico 2023/2024

**INFORME DO CENTRO EDUCATIVO**

**Centro:** 36010009 - CEIP Virxe do Rocío

**Resultados por destrezas**

**Puntuación transformada**




**Indicadores**

| Indicador | Puntuación | Nivel | Descrición |
|---|---|---|---|
| ISEC | 547.0 | medio alto | Índice social, económico e cultural |

(x) Non se dispón de datos para calcular o valor do indicador.

**Este informe ten carácter informativo e orientador para o centro educativo. Non ten efectos académicos.**

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Avaliación diagnóstico 4.º EP

Ano académico 2023/2024

**INFORME DO CENTRO EDUCATIVO**

**Centro:** 36010009 - CEIP Virxe do Rocío

| Nivel | |
|---|---|
| 6 | •Soluciona erros nos algoritmos.<br>•Detecta erros nos algoritmos. |
| 5 | •Executa correctamente procesos de resolución de problemas.<br>•Interpreta un procedemento matemático de forma verbal ou gráfica. |
| 4 | •Extrae conclusións simples a partir da interpretación do resultado obtido.<br>•Relaciona as matemáticas con situacións doutras áreas de coñecemento.<br>•Recoñece estratexias para resolver problemas. |
| 3 | •Deduce propiedades ou patróns a partir dunha situación dada.<br>•Valora representacións matemáticas.<br>•Identifica situacións problemáticas da realidade.<br>•Obtén as solucións posibles. |
| 2 | •Identifica patróns e regularidades en situacións da vida cotiá.<br>•Recoñece as matemáticas en situacións doutras áreas de coñecemento.<br>•Emprega a organización da información e a descomposición en partes para resolver situacións problemáticas. |
| 1 | •Interpreta o vocabulario matemático empregado en situacións da vida cotiá. |

**Este informe ten carácter informativo e orientador para o centro educativo. Non ten efectos académicos.**

## 33. Guía de intervención para a mellora, elaborada a partir da análise dos resultados.

Analizados os resultados, estamos traballando na liña adecuada. Debemos mellorar o nivel competencial en lingua extranxeira e continuar a traballar tanto a comprensión como a expresión oral e escrita. O desenvolvemento oral, a capacidade de falar en público, a lectura, a escritura... en definitiva continuar a traballar no enriquecemento personal do alumnado.
Na escola debemos garantizar un ensino de calidade que responda adecuadamente ás diferenzas individuais do noso alumnado a través dunha organización na que se busca mellorar o éxito escolar, aumentar os niveis competenciais do alumnado, especialmente nas áreas lingüísticas e as matemáticas, Motivando ao alumnado e ofrencéndolles oportunidades de éxito para que aprendan a confiar en si mesmos e nas súas posibilidades.

## 34. Plans de reforzo e recuperación

Logo da avaliación inicial, é mester levar a cabo plans de reforzo para todo aquel alumnado que presente necesidades e que houbese promocionado con materias suspensas.
Analizamos os resultados das avaliacións para identificar áreas de mellora e puntos fortes.
Ademais das accións de mellora e intervencións, elaboramos plans de reforzo e recuperación individualizados para os alumnos de primaria que presentaron dificultades significativas nas avaliacións. En todas elas indicaremos:

- Áreas de Mellora: Indicaremos as áreas nas que o alumn@ precisa de reforzo.
- Obxectivos: Estableceremos obxectivos específicos para o alumn@
- Estratexias de Reforzo: Describiremos as estratexias que se utilizaremos para axudar ao alumn@ a acadar os obxectivos.
- Recursos Necesarios: Faremos unha listaxe enumerando os materiais, libros ou recursos adicionais necesarios.
- Responsable: Indicaremos a persoa responsible de levalo a cabo.

INTERVENCIÓN CO ALUMNADO DE REFoRZO.
No mes de outono, iniciarase o programa de reforzo. O plan de reforzo é un document que recolle a información máis relevante dun alumno a nivel curricular.

A nivel xeral, ,o alumnado de reforzo traballará no seu grupo de referencia. Independientemente das intervencións previstas no plano individual en determinadas áreas, é responsabilidade de todo oprofesorado que interveña na aula realizar un seguimento individualizado das actividades que se propoñan na aula.
Como norma xeral, o alumnado de reforzo traballará no seu grupo de referencia, con independencia das actuacións previstas no plano individual en determinadas áreas. Os mestres tentaremos:

- Asegurar a comprensión das explicacións.
- Comporbar a realización das tarefas.
- Detectar posibles dificultades no proceso de ensino aprendizaxe e propor alternativas.
- Axudarlles á integración na dinámica do grupo.
- Continuarase co traballo cooperative, titoría entre iguais, aprendizaxe port areas,...
- Uso de tecnoloxías para el aprendizaje y la comunicación, grupos interactivos...

Dende o centro, fíxose solicitude de diversos programas que axuden ao alumnado e mailo profesorado.

## PROA+

Tódalas actividades levadas a cabo na escola, encóntranse en maior ou menor medida incluídas na programación xeral do centro. As actividades dos plans que imos a relatar a continuación, xa levamos varios anos desenvolvendoas.
Este é un programa do que se esperan acadar grandes obxectivos no alumnado. A nosa escola acostuma a solicitar deste instrumento de apoio as actuacións referidas a Reforzo, orientación e apoio porque mellora as competencias clave que incide na mellora das competencias nas áreas instrumentais básicas, priorizando a dirixida á competencia matemática e lingüística.  Ten lugar dentro do horario lectivo e vai dirixido a todo o alumnado de 4º , 5º e 6º  cursos de primaria.
 Mágoa que non se resolvese aínda. Precisamos mestres na escola para axudar  a mellorar o nivel competencial do alumnado.
A participación neste programa implica o desenvolvemento dun plan, a xustificación das actuacións, logros perseguidos e indicadores de medida, accións,

temporalización, extratexias de coordinación, implicación das familias, necesidade de novos recursos e proceso de seguimento e avaliación interna.

## PROGRAMA ACOMPAÑA

Aínda non está publicada a convocatoria, o que fai que teñamos menos recursos persoais na escola tanto en educación infantil como no primeiro ciclo de primaria.

## Outros aspectos de interese

## 35. Solicitude dos días non lectivos.

Este ano proponse como días non lectivo na nosa escola o 2 de maio de 2025.

## 36. Aprobación da presente PXA

DILIXENCIA:

Para facer constar que esta Programación Xeral Anual do Curso 2024/2025 do CEIP "VIRXE DO ROCÍO" de Vigo foi aprobada por unanimidade, segundo consta na Acta, en sesión ordinaria do Claustro e no Consello Escolar o día 8 de outono de 2024.

A DIRECTORA

Fdo.: ANGELA NOVOA BLANCO.